

A NOSA TERRA



Año XXXIII — Núm. 478

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual 248.398

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2022
TARIFA REDUCIDA
Concesión 2727

BOS AIRES, MAIO DE 1951

Un Grande Patriota Galego

Rara vez van xuntos o diñeiro e a xenerosidade, sobor de todo, cando a riqueza é debida ao propio esforzo. Os homes que pasan os mellores anos da súa vida adicados a un traballo constante para labrarse un porvir, sen disfrutar dos goces máis elementaes da existencia, chegan ao final da súa laboura esgotadora, coa ialma endurecida e coa margura dos anos pasados nunha xuventude estéril. Trunfaron, pero o seu trunfo foi como o de Pirro: con él morreron total-as súas ilusións.

Xa son ricos, millonarios; poden mercar todo o que se vende no mundo; mais as cousas gradas ao espírito, aquilo que nos asemella aos deuses, non está aos seus alcances, non entra no seu ceo.

Y é natural; os seus anceios irrefrenabeis de atesourar máis e máis, chegaron a envenenar de tal xeito o seu ser, que éste xa ficou completamente pechado para todo o que non sexa agradable a Shylock.

Por fortuna, na nosa coleitividade hai moitas escepcións a esta regra. Homes de traballo, duro e de sagrefizo, que conseguiron —algúns aínda mozos— unha posición económica brillante, sinten ferver no seu espírito inqedanzas patrióticas, que os honoran e os incitan a colaborar xenerosamente cós que loitam pol-o ideial que espallou o noso gran guieiro, pouco ha desaparecido i endexamáis esquencido.

E entre todos eles destácase dunha maneira rotunda, que ningún pode discutir, un home que, despreciando os deleites de Capua, ben gañados por certo, lánzase no meio da loita, sen temor a molestias nin quebrantos, para combatir a favor do engrandecimento da nosa patria, Galiza.

Este home, D. Manoel Puente, que orgullosamente pode ostentar o nome que fixo célebre aquel xeneroso ministro de Augusto, despóis dunha honrosa aituación ao fronte da Cámara de Comercio da República Hespáñola, volcouse por inteiro nas nosas cousas, nas cousas da nosa Terra. Ao lado do inmorrente Castelao, cuas insinanzas despertaron a súa ialma fervente de galego, escomenzou a loita que oxe acada contornos dun grandor insospitado.

Presidente da Comisión de Facenda do Consello de Galiza, a súa bolsa sempre foi a primeira en abrirse para todo ouxetivo patriótico; e o seu nome, respetado e indiscutido, sirveu e sirve para oute cooperación valiosas, e para que non haxa a menor soma na honradez dos procederes.

Cunha prodigalidade principesca, contribueu á publicación a todo luxo da obra fundamental do seu grande e admirado amigo, e mestre de todos, Castelao, que antes do seu doroso pasamento, tivo a ledicia de ver a impresión de "As cruces de pedra na Galiza", libro a que él había adicado todo o seu amor e que gracias ao Sr. Puente trocárase de soño en realidade.

Creador do Patronato da Cultura Galega, coa base dun millón de pesetas, promoveu de inmediato a publicación dunha Historia de Galiza, na cal están traballando unha ducia de intelectuales galegos, baixo a dirección do eminente polígrafo Otero Pedrayo. Esta obra será, sen dúbida a consagración da nosa Terra, esquencida pol-os historiadores hespañoles, que trataron sempre de desfigurar os feitos para desmedro noso e honra de Castela. Esta soia obra, subvencionada íntegramente pol-o señor Puente, bastaría para encher de lexítimo orgullo a calquera que a fomentase.

Aituando como presidente da Irmandade Galega, amostrou un entusiasmo, un patriotismo e unha habilidade insuperabeis. Como timonel eisperto, conduxo a nave que chegou a destiño, sorteando os grandes escollos que abundan nas tumultuosas augas da nosa coleitividade. Dunha modestia e bonhomía a toda proba, D. Manoel Puente non ten inimigos. Por eso o homaxe que a coleitividade galega apréstase a rendirle, será o merecido galardón que premie a súa patriótica laboura e a súa conduta intachabel.

A NOSA TERRA hónrase oxe poñendo no seu lugar máis destacado ao home que sabe amar ao seu país, para exempro dos galegos que anceien servir á súa patria, dando todo o que poidan por ela, sen aforrar desvelos nin fortuna.

O que honra á súa Patria hónrase a sí mesmo. O galego que traballa pol-a grandeza da súa Terra, non somentes cumpre co seu deber de bó fillo, senon que laboura pol-a súa propia grandeza. Canto meirande sexa a súa razón meirande será o respeito que por él sintan os alleos.

Costituirá outo Acontecemento o Homaxe da Coleitividade Galega ao Esgrevio Patriota Don Manuel Puente

Reaizaráse o domingo 3 de Xuño

Disponse a nosa coleitividade a levar a cabo, con estraordinaria xerarquia, un aito de crara xustiza: a de render grandeiro homaxe a unha das súas máis relevantes e merecerías figuras, cal é a de Don Manuel Puente.

Xa dixemos na derradeira edición d-iste periódico, dos méritos eisceicionaes que se dán no irmén Puente; e ben coñecidos son seu afervoado patriotismo, sua lealade aos ideaes galeguista e republicán, súas labouras a prol de canto sinifica de proveito pra Galiza e de maneira especial seu xeneroso e amplo apoio económico a arriquecer i espallar a cultura galega.

AMPLA RESOANCIA DO HOMAXE

Por tudo elo non é de estrañar o afervoamento co cal foi acollida, en tudol-os núcleos representativos e responsabes da nosa coleitividade, a notiza do homaxe a Don Manuel Puente. Elo se ven reflexando nas crónicas gaban ceosas que lle adicaron nosos prestixiosos colegas, "Galicia" voceiro da Federación de Sociedades Gallegas e "Opinión Gallega" dos Centros Orensano e Pontevedrés, así como nas afervoadas e numerosas adhesións que a Comisión Orgaizadora ven recibindo das entidades galegas e das máis representativas figuras da nosa coleitividade. Tamén lle istán chegando elocuentes espresións, a prol do homaxe ao señor Puente, de núcleos galegos de tudo América e de outas persoalidades da Galiza, pois súas benfeitorías patriótico-galeguistas tiveron resoancia en tudol-os ámbetos da galeguidade. Oxe, o nome de Don Manuel Puente, istá no coñecimiento e no curazón dos bós patriotas galegos e de cantos sinten inqedanzas pol-a cultura galega.

ACADARA BRILANTEZA

O aito a celebrarse o domingo 3 de Xuño prósimo, a medio día, no grandeiro salón-teatro da Federación de Sociedades Gallegas, Chacabuco 955, acadará sen dúbida brillante coñecimiento e constituirá estraordinaria manifestación d-agarimo e de recoñecimento da galeguidade a un dos seus máis mereceríos fillos na hora aítual. O mesmo espírito do inmorrente e glorioso Castelao acodirá xubiloso a carón de tan fidel discípulo e seguidor das súas doutrinas.

A Mentira das Democracias

Na loita entablada entre Norteamérica e Rusia hai no fondo un gran embuste. Afirmán os dirixentes daquela nación, e todol-os seus satélites, que se trata de salvar a democracia, para que cada povo poida dárese o goberno que libremente elixa.

Esta tesis sería correita si todol-os países que Norteamérica ampara estiveran rexidos por gobernos democráticos. Pero, desgraciadamente, non é así. Non queremos citar máis que un soio caso para demostrar a falsidade do "slogan" norteamericán: Hespaña.

Namentras esta razón xazga asoballada pol-a tiranía falanxista e sexa recoñecida e falagada, pol-as chamadas democracias, non se pode falar honradamente de combatir ao comu-

nismo, e axudar ao réxime hespañol, que é tan totalitario como o outro.

Deste xeito o entende o eminente escritor francés Albert Camús, que nun aito que se celebrou en París con motivo do 14 de Abril, pronunciou un gran discurso a prol da República Hespáñola, dicindo entre outras cousas:

"Parece como si as democracias do Oeste tiveran por tradición traicionar aos seus amigos, mentras que os rexímenes do Este creáranse na obriga de devoralos. Antre ambos, temos que edificar unha Europa que non será nin a dos embusteiros nin a dos escravos. Porque é necesario facer unha Europa, ten razón de aconsellalo o Senado americán. Non embarcantes, nós non queremos fa-

cer unha Europa calquera. Si aceptásemos a idea de construír unha Europa cos xeneraes criminaes de Alemaña e o xeneral Francisco Franco, o que levantaríamos sería a Europa dos renegados. E, despóis de todo, si ésta é a Europa que queren as democracias do Oeste, fácil lles houbera sido levalla a cabo. Hitler intentou construíla e case o logrou; houbera bastado poñerse de xionllos i esa Europa ideial houbera sido erixida sobor dos osos e cinzas dos homes libres asesinaados. Pero os occidentaes non quixerón esto. Loitaron para impedilo. De 1936 a 1945, millóns de homes morreron ou agonizaron na noite das cárceres para que Europa e a súa cultura seguiran constituindo unha es-

(Continúa na pág 8)

Sua Eiscelencia o Embaixador Un Gran Patriota Gallego

(TRADUCCION)

Veleiquei un sustantivo irresistible, prodixioso en calquer latitude do planeta, con tal forza da atracción como para desacoubar aos máis empinados persoaxes. Oustentar a credencial de Embaixador constitúe a máisima aspiración de moitos xovens universitarios que estiman pouseer condicións para desenrolarse con brillo no cárrago e trunfar nas lides diplomáticas, ao mesmo tempo de conquistar fama e fortuna.

A idea de chegar a tan outa posición volve ledor o rostro de certos graves cabaleiros, cangados de prosapia; de escaso caudal económico e intresada militancia política, que pensan que a súa postergación perxudica enormemente ao seu país e non darlle marco axeitado para mostrar taentosas dotes.

Dende mui remotos tempos chéganos o eco, confundido co de épocas máis recentes, de situacións de risco para a Humanidade, orixinadas en disputas sostidas antre xefes de estados ou de tribus, convertidas en catas felices debido ao conxuro da sabencia e da habilidade de homes procedentes, con clara noción da responsabilidade e da gravidade do intre en que vivían. Y é por todolos conceitos deplorabel que esta non haxa sido sempre a liña de conduta seguida pol-os diplomáticos, xa que a veira de homes acentuada persoalidade e tacaño, que daban xerarquía a profesión, existían os opacos, carentes de perfís e de competencia, co ollo posto tan so no disfrute dos homens e das ventaxas que o cárrago proporcionaba.

Decatámonos perfectamente do que significa un Embaixador meritório e patriota e dos outros servicios que a súa dedicación pode prestar ao seu país. Lembáramos, antre outras, a percepción de todo nobre impulsado na Nación que o acepta como representante en canto poda ter de aplicabel na súa terra de orixe; confeccionar estadísticas de produtos inter-cábeis; estudar posibilidades na comunidade onde cumpre tan outo cárrago para o caso de que deban estabrecerse correntes migratorias. Estas derradeiras, sobor de todo, cando teñen por móvil o human desexo de atopar horizons máis favorábeles, necesitan, e moito, do consello autorizado pro asentamento con senso racional na nova terra elexida.

O transcrito máis arriba ven a conto para os representantes de algúns países europeos n'América.

por ANTON GOMEZ

No tempo da Monarquía na Hespaña, facían carreira na diplomacia moitos nobres con título de Marqués ou de Conde, respaldados cuasi sempre por mui leve bagaxe cultural. A República na súa corta existencia barrera con isa tradición, enviando xente ilustrada, de prestixio intelectual; pero o reximen imperante n'actualidade reimprantou as vellas prácticas, dando as súas representacións a pergameus as máis das veces luxados e tan valdeiros e ineficaces nas súas funcións embaixadoriles com-os servidores da Monarquía. A inmigración peninsular n'Argentina, pois, non coñece ao fronte do pazo da súa embaixada señor algún que se preocupara o máis mínimo pola sorte de milleiros de traballadores hespañoles nin de concederlles favor de calquer volume nas múltiples continxencias que a vida depara a os inmigrantes. Todo, aus lutamente todo, foi obra dos viaxei-

ros: súas creacións, seus acertos, etc. A decir verdá, coñeciase a existencia do Sr. Embaixador cando xornaes e revistas metropolitanas daban conta das súas actividades, publicando a súa fotografía rodeado de damas e cabaleiros da sociedade. Si acaso cando algún núcleo rexional lembrava un feito glorioso o un enriquecido daba solta ao seu xúbilo, o Sr. Embaixador avíñase a prestar a súa silueta fachendosa pousando a veira dos festexantes. Digamos de paso que para oservar tal abandono con respecto a cousas tan importantes, era avalado por boa parte da prensa rexional, sin ouxetivo, sin orientación, preocupada con desditado empeño pol-os lios domésticos da familia Real e pol-as regatas en que interviña S. M. en San Sebastián ou Santander, como si por aí se tramitara a felicidade de milleiros de persoas que deixaran a terra natal para buscar n'allea o que seu país lles negara.

Os homes refreivos xa sospetaban qué podía importarlle ao Embaixador hespañol,



As son da zanfona

O Testamento do Porco

Por VERDUGILLO

Cómo chegueime a enterar do importante documento, non o podo repelar; mais xuro que non é invento.

Servindo de intermediario, vouno a trascribir eiquí sen o menor comentario. Leede o que o cocho di:

"Eu, católico fervente, apostólico e marrán, declaro, anque estou doente, que teño o mioño san.

E pol-o sí ou pol-o non vou a facer testamento, pois en calquera ocasión pode vir o pasamento.

Quero limpar a conciencia pra topar no máis alá un pouquiño de clemencia, que percisa me será.

Sempre fun un desgraciado, devolvendo mal por ben; por todos oxe adulado, non me pode ver ninguén.

Soñei fundar un imperio como aquel de Carlos Quinto, e fundei un cemiterio, de rozos, en sangue tinto.

¿Onde foi parar aquela groriosa e nobre nación, construída antre Sabela mail-o xenio de Colón?

Certo que cando a heredei, aínda que con malas artes, nin Roque había nin rei: o desquicio en todas partes.

Boteime de salvador... ¡Malia sexa aquela hora! ¡Fun soio un enterrador! ¿Qué vou a facer agora?

¿Qué é o que lle podo deixar de bon ao meu sucesor? Odio, eistraperlo, rencor i enfermédas a fartar.

O povo morre de fame, e protesta, con razón, contra o proceder infame do autor de tal situación.

En troques, os xenerales e os canallas falanzistas rinse de todolos males, convertidos en rentistas.

Esto non pode seguir; un día vai a estoupar, que todos vamos a ir, como pombas, pol-o ar.

Eu xa de todo estou farto; sintome vello, incapaz, triste, enfermo, sen un carto... Quixera morrer en paz.

Xa sei que son un cochino, que non merezo perdón; mais, anque del non son dino, ¡un pouco de compasión!

Fíxen dano, non-o nego, por louca ambición movido; eu entón estaba cego, oxe estou arrependido.

I en proba de que é verdade o que neste escrito digo, como leición de humildade, quero impoñerme un castigo.

Penando a miña impostura, pra que o sepa o mundo enteiro, mando que na sepultura me poñan este letreiro:

"Eiquí xaz un malandrín, que foi chancho cen por cen." Todo na vida ten fin. Requiésate in paco. Amén."

Rara vez van juntos el dinero y la generosidad, sobre todo, cuando la riqueza es debida al propio esfuerzo. Los hombres que pasan los mejores años de su vida dedicados a un trabajo constante para labrarse un porvenir, sin disfrutar los gozes más elementales de la existencia, llegan al final de su tarea agotada con el alma endurecida y con la amargura de los años pasados en una juventud estéril. Triunfaron, pero su triunfo fué como el de Pirro: con él murieron todas sus ilusiones.

Ya son ricos, millonarios; pueden comprar todo lo que se vende en el mundo; mas las cosas gratas al espíritu, aquello que nos asemeja a los dioses, no está a sus alcances, no entra en su cielo.

Y es natural; sus anhelos irrefrenables de atesorar más y más, llegaron a envenenar de tal suerte su ser, que éste ya quedó completamente cerrado para todo lo que no sea agradable a Shylock.

Por fortuna, en nuestra colectividad hay muchas excepciones a esta regla. Hombres de trabajo, duro y de sacrificio, que consiguieron —a algunos aun mozos— una posición económica brillante, sienten hervir en su espíritu inquietudes patrióticas que los honran y los incitan a colaborar generosamente con los que luchamos por el ideal que expandió nuestro gran conductor, hace poco desaparecido y jamás olvidado.

Y entre todos ellos se destaca de un modo rotundo, que nadie puede discutir, un hombre que, despreciando las deicias de Capua, bien ganadas por cierto, se lanza en medio de la lucha, sin temor a molestias ni quebrantos, para combatir a favor del engrandecimiento de nuestra patria, Galicia.

Este hombre, D. Manuel Puente, que orgullosamente puede ostentar el nombre que hizo célebre aquel famoso ministro de Augusto, después de una honrosa actuación al frente de la Cámara de Comercio de la República Española, se volcó por entero en nuestras cosas, en las cosas de nuestra Tierra. Al lado del inmortal Castela, cuyas enseñanzas despertaron su alma ferviente de gallego, comenzó la lucha que hoy alcanza contornos de una grandeza insospechada.

Presidente de la Comisión de Finanzas del Consejo de Galicia, su bolsa siempre fué la primera en abrirse para todo objetivo patriótico; y su nombre, respetado e indiscutido, sirvió y sirve para obtener cooperaciones valiosas y para que no haya la menor sombra en la honradez de los procederes.

Con una prodigalidad principesca, contrihuyó a la publicación a todo lujo de la obra fundamental de su grande y admirado amigo, y maestro de todos, Castela, que antes de su doloroso paso a la otra vida, tuvo la alegría de ver la impresión de "As cruces de pedra na Galiza", libro al que él había dedicado todo su amor y que gracias al señor Puente, se trocara de sueño en realidad.

Creador del Patronato de la Cultura Gallega, con la base de un millón de pesetas, promovió de inmediato la publicación de una Historia de Galicia, en la cual están trabajando una docena de intelectuales gallegos, bajo la dirección del eminente polígrafo Otro Pedrayo. Esta obra será sin duda la consagración de nuestra Tierra, olvidada por los historiadores españoles, que siempre trataron de desfigurar los hechos para desmedro nuestro y honra de Castilla. Esta sola obra, subvencionada íntegramente por el señor Puente, bastaría para llenar de orgullo a cualquiera que la fomentase.

Actuando como presidente de "Irmandade Galega", demostró un entusiasmo, un patriotismo y una habilidad insuperables. Como experto timonel, condujo la nave que llegó a destino, sorteando los grandes escollos que abundan en las tumultuosas aguas de nuestra colectividad. De una modestia y bonhomía a toda prueba, D. Manuel Puente no tiene enemigos. Por eso el homenaje que la colectividad gallega se apresta a rendirle, será el merecido galardón que premie su patriótica labor y su conducta intachable.

A NOSA TERRA, se honra hoy colocando en su lugar mas destacado al hombre que sabe amar a su país, para ejemplo de los gallegos que deseen servir a su patria, dando todo lo que puedan por ella, sin ahorrar desvelos ni fortuna.

orixinario d'un medio cheo de calquer pretexto se reaiza no pazo da avenida Alvear, presididos por súa Eiscelencia e bendecidos dende lonxe polo amo "das Hespañias". Sendo, naturalmente, ben recibidos, porque a baixa temperatura e a soledá en que se move o morador d'aquela casona é insufribel, paralizador; e hai necesidá de calor e apoio de moitedume para alonxar somas macabras que, cruzando o Océano, voan en inexorable persecución de quenes pretenden luxar o nome dun povo denantes altivo, oxe desventurado.

calquer pretexto se reaiza no pazo da avenida Alvear, presididos por súa Eiscelencia e bendecidos dende lonxe polo amo "das Hespañias". Sendo, naturalmente, ben recibidos, porque a baixa temperatura e a soledá en que se move o morador d'aquela casona é insufribel, paralizador; e hai necesidá de calor e apoio de moitedume para alonxar somas macabras que, cruzando o Océano, voan en inexorable persecución de quenes pretenden luxar o nome dun povo denantes altivo, oxe desventurado.

LEA E DIFUNDA

A NOSA TERRA

PERIODICO AUTENTICO

GALEGO. QUE DEFENDE

A AUTONOMIA DE GALIZIA

O Miño a Traves do seu Interpretetes mais Fidel

por ELISEO ALONSO

Antón Fernández Gomez é un grande pintor galego que refrexa nos seus lenzos, polo influxo do seu estro creador, un dos infínitos poemas da nosa belida Galiza: as verdecentes ribeiras do Miño. Eisí pódese decir que neste eito do seu arte, máis que un

onde, coma un eco lonxano, resoa, perdido, o chío anguriado das aves mariñas, mascatos, pillaras e mazaricos, que van deica o acougo das ermas penedías da foz do río co arrepiante fungido a carón d-eles dos ceibes sudoestes i-as nordesías, que fan arroutar o



"Volta ao aprisco", cadro de Antón Fernández

pintor é un poeta afervoadado que canta a Natureza celta co seu pín-cel.

Antón Fernández, nado na vila de Goyán (Pontevedra), pinta ou canta esa nosa Terra verde, fermosa, Terra feita espírito que coma unha amada enciume fai entrega do seu corpo froilido e de sua i-alma a quen a sabe aniar, sempre vestida de verde; nas súas penedías, que son seus seos, nos seus pín-celais, que son os seus cabelos largacios, e nas súas montañas, que son as súas nidias curvas de virxen galega. E que logo baixo a lene caricia do pín-cel — poeta xoven que fai versos a unha noiya púber — dá a se, perdura e faise eterna na súa divindade.

Refrexa Antón Fernández esa Terra das trmelucenches e relas d-un río feito d-escuma e silencio, sementado nas súas veiras por antergos castros e carballeiras celtas onde aínda adiviñamos as brondas druidesas de corpos vim-bales abalando a súa xuncal cín-ta na danza ritual dos mitolóxicos sacrificios encol dos vellos dol-mens aluarados polo plenilunio nostálxico dunha lúa — noiya es-pida — mecendo o seu corpo re-bulinte e albariño nas silenzosas augas do Miño, que cecáis, nese intre, atravesaría froilida de cánti-gas i-ensonos a leda barquiña do bardo segrel.

Terra das pastoreñas de vacas que pastan paisaxes i-escoitan o "din-don-dán" dos sinos de Por-tugal, que pol-as espellantes lin-fas van a perder seu xemido no mar das pastorelas, das pastorei-ñas — casi nenas — das ovellinas mansas. Mociñas d-aquela prosa de Amado Carballo: "Din as xen-tes que pol-a veira do río unha moza namorada escoita o eco a r-das augas e o remorso, das carba-llieras, soñando nese tesouro de verbas que nun ca máis frórece-rán". Son as pastoreñas dos an-tergos romances galegos "de amigo", de Pedro Meogo (Levous a louzana — Levous' e a belida — Vai lavar cabelos — Na fon-tana fría: — Leda dos amores, — Dos amores leda"); son as va-queiras do Marqués de Santilla-na; son as miazosas pastoreñas d-ensomó a tecer esperas nos len-zos de Antón Fernández.

Terra das bretemosas plaias e dos rexas nos do Baixo Miño,

Atlántico enchido de leúndas de bergantíns piratas esnaquizados, e sinos que nas noites de temp-ral tanxen baixo o bruido das on-das.

¡Terra doce! ¡Terra rexa! ¡Ter-ra leda! refrexaada nos lenzos d-un pintor lírico e xenial!

Agasallo a Lito

O 16 do mes en curso, un fato de amigos ofreceulle un sinxelo pro emotivo homaxe ao irmán Lois López, o popular Lito, en testimonio de recoñecimento e admiración a este mañífico, barudo mozo, que sin ser nado na nosa Terra nin haber estado nunca nela, escolleu por patria a dos seus pais, Galiza, e traballou e loitou por ela, pol-a súa redención cultural e pu-lítica, con afervoadado amor e indeclinabel consecuencia de xeito que pode porse como exemplo de patriotas galegos e orgullo da nosa caste en América.

O agasallo consisteu nunha cea, que se sirveu na Federa-ción de Sociedades Galegas. Comeuse ben e bebeuse millor; cantáronse loubanzas a Lito e derradeiramente cantigas popu-lares, todo elo nun ambiente de cálida irmandade e animada ledicia.

Por consideralo axeitado, publicamos íntegramente as ver-bas con que Lito agradeceu o agasallo, nas cales nos revelou estimábeis dotes de orador ao espresar o seu aceso patriotismo galego.

Irmáns:

Cando eu naseín, unha mu-ller que pertencía a unha tribu de xitanos que acampaba perto da casa onde vivían meus pais, referíndose ao felis aconteci-mento, espricoulles na súa fala misturada aos veciños, que o rapaz recén nado tería como don máis acentuado dos seus rasgos espritoaes: o da simpa-tía.

Penso que non sería come-mente esbozar unha dúbida so-bor do acerto da profecía da modestísima xitana e menos neste intre en que, como decía o noso bardo bergantiñán: "Co-roads de frores en alegre ban-quete... fácil é ser magnáni-mos e amizade prometerse"...

Mais xermola en mín, apesares de todolo espoto eiqüi, esta noite, o desexo de preguntar: ¿qué loureiros conquerín eu a prol da causa galega pra ato-parme agasallado deste xeito por xentes as caes o máis doa-do sería que eu os agasallara a eles?

Como verdadeiramente non fixen ren que poida xustificar

Os Evanxeos da Risa Absoluta

por ANTON VILAR PONTE

O problema, cicáis máis importante, que se lle prantexou, ten prantexado o escritor e o artista galegos, é o de descubrir a verda-deira personalidade do ser galego, a súa sicoloxía dominante, a causa profunda das súas reaccións, da súa concepción do mundo e do tras-mundo, todo i que constitúe, en fin, a caracteroloxía d'un povo. Dem-pois de catro séculos de "doma", según a inmejorable definición que o historiador hespañol Zurita fixo da política seguida por Castela na Galiza, ese fito trascendental dos intelectuales galegos está cheio de dificultades, pois teñen que abrirse camiño por entre unha mesta maraña de superposicións e deformacións, produto do secular aban-dono propio e da imposición da política asimilista de Castela.

A esta laboura de depurar a personalidade galega de impurezas, de adherencias incompatíveis co fondo orixinario, entregáronse os de-avanceiros do galeguismo con afervoadado entusiasmo. Xa sabemos o paso xigante que Castela diu, n-ese senso, no domiño da pintura, e os poetas románticos na poesía. Antón Vilar Ponte, adicouse tamén afanosamente a esa esculca, a ese avesullar no carácter do povo ga-lego: fixo do xeito notorio que lle era peculiar, pois a era por riba de todo, eso: un polemista tembel. Pra comunicarlle os seus nobres ideáis aos compatriotas, valeuse dos máis variados medios; inda que a tribúa pública e o xornalismo foron os principais, levou o seu afán polemista —da máis noble esencia— dende os xogos florais até a Aca-demia Galega, dende o libro puramente doutrinario, decisivo n-aquel intre do século XIX, até o teatro, unsa mostra da cal transcribimos, sacada de "Os evanxeos da risa absoluta" —Anunciación do Antiquixote—, como sinificativamente a substitúon.

Escollemos o monólogo de Electus, que na lista de persoaxes da obra, o autor define así: "Fillo de muiñeiro, tolo de leituras, copeniro e poeta, que dependeu para crego até se lle enfriáren os miolos con foula da lue e que é parente espiritual de "Zarathustra" inda que si coide o contrario". Comque actazar pra que non feren esta obra, que o propio autor puxo este monólogo ao final, a maneira de epi-logo, desglosándolo do fio da teima dramática e tiduando como sigue:

O TOLO SOLIQUIO DO SER OU NON SER

Que rumiño Electus, eisaltado polo bon viño ó sair da cociña da Ciprián'lla, baixo a foula húmeda da brétema que esmorecía os viei-ros e os cumios.

Idevos, idevos a dormir com'os apóstolos de Cristo caudo esgotada a cunca da amargura no horto das Oliveiras... A brétema desce a min coma o anxó qu'escoitou os laios do Redentor... Idevos a dormir,

ou a veláredes mortos que chegaron á velles en mansedume, xa que vos daría sono escoitar estas verbas, que por se dormir o noso povo non escoitou no amancer da súa escravi-tude, cando a Sabela castelán, d'alma irta e ventre case estéril, rouboulle a coroa a unha príncipe-sa que vira a mesma paisaxe nas dúas ribeiras do Miño, rachada pol-os cons da "Historia, e tencionaba zurcilla co'agulla do cetno nebra-da de zumes verdes, que tallou o machado de verdugo en Mondoñe-do... verdugo xordo e mudo para os laios de Pedro Padrón, procura-dor d'aqueles labregos ós que nun-ca se lles perdoará o santo sacrifi-cio de sementaren entre fogo e ferro o grau da liberdade.

... Todos se foron a chorar mor-tos que morren de vellos, con pran-to de viño e risas de contos, mistu-rados con rezos rutinarios... Que rexouben ou durman mentras eu penso pol-os que nunca pensan... ¡Sabela da filla tola, neta fla-mengo, visneto ogro e tataraneto

os meus anos mozos, soupo le-varme manseliñamente da mau pol-os carreiros onde ía atopan-do en cada relanzo un novo mo-tivo d'orgullo e satisfacción de levar sangue galega nas miñas veas.

E si penso, falo i escribo en galego, en fin, é por un fonde sentimento d'obriga a todos vós que, na acolleira penumbra do café, moderno cenáculo onde tanto adprendín, ou na rebum-bia asoleada da rúa, gorenteí as saudosas conversas que xurdían dos vosos beizos como canto d'acougo pra impracabel morri-ña, e que nos meus ouvidos soaban a cousa d'encantamento.

Velái tendes, amigos, o min-goado feixe de merecimentos con que veño esta noite á agra-decervos a vosa fineza.

Estar á veira d'homos que me coñeceron nos meus anos mozos, que decote amostraron por mín o agarimo sinxelo con-que os irmáns maores tratan aos máis cativos, perdoándolle unha que outra falla; ter á mi-ña veira homes que co seu es-forzo a eito e sin esmaios lo-graron pra Nosa Terra infínidos conquermientos, é un honor que agradezo, non a xeito de crási-co formulismo, senón como prenda que vivirá acochada no meu peito toda a miña vida.

I esto é o que quería decirvos. Ratifico diante vosa a miña fé increbantabel no porvir lumio-so de Galiza, terra de privilexo diviño, lugar benquerido do Creador que coas súas mans d'artífice maravilloso creou un-

enfetizado, que fixecheis cimeterio, cheio de cruces como chatos do pen-samento, da pel de touro ibérica onde os olláis da castración servi-ron de engarce a Iuste e ó Escorial! ¡Ladroeira que arredañes a dous irmáns da mesma Natureza nai, xunguidos pola placenta miñoia, por consellos d'un franciscano bé-lico, nemigo dos felgos, para logo matar as ideas, esmagar, o esponta-neismo do diverso xeográfico. Sirea da Ibérica, pódolles a camisa de forza, feita pola tua man, a to-dolos diviños tolos que tiveron en Prisciliano antergo devanceiro tolo d'atar...! ¡Louqueira d'un mani-comio de místicos perturbados polo ermo sin bosques e sin augas lim-pas, onde as risas das fadas n-ñas non poden escoitarse...! ¡Sepultu-reira da necrópolis das ledas rebel-días do miolo, cheias de pulo hu-mán e criador!...

Por ti foi posibel que encol da herba vizosa da diversidade, tripa-da polo pé de ferro d'un imperia-lismo estranxeiro, mendigo d'esmo-las Península adiante, que tivo a soberba de s-enterrar vivo n'un mosteiro despóis de ver a toda Hes-paña feita un deserto, de que ur-dira o Escorial, escoria de reis en pó de ermo, na forma de parilla aburada polo sol da meseta...

... ¡Al, cristiana triste, dos Cris-tos sin dozura, que por xenreira á natureza, fonte de vida pagana, a verdadeira vida, inspiraches o sím-bo da nemiga a paisaxe, que troca polo negro todo matiz de verde no crucificado de Velázquez, para que logo o Greco, o grego sin gracia helénica, desterrado en tortura, en-cha de morto vendor as almas mis-ticas do ermo que escoan dos seus lenzos.

O noso Cristo non pode ser o que levaron para andar a cristaza polo mundo na tracamunda da imposición de dominio e de colleita d'ouro os modelos de Theotocopu-los, que de ti recibiron pasaporte in-quisitorial. O noso Cristo é o que dispós de predicar sentábase sobre da herba; o que comeu mel silves-tre, gostaba de sandar profiños ce-gos e probes doentes do mal de San Lázaro na compañía de mariñeiros e labregos. O de berce de pallas en-tre aloumiños da vaca marela e cántigas de pegureiros. Pegureiros adornados con fátelos que nunca ningún maxiñeiro de figurinas de barro para enfeitía de Nacimentos puido concebir ao xeito dos da me-teta...

O noso Xesús é aquel que seus dedos de bendición sobre da terra que nos dou para que riran en tes-timonio de tan bela impronta des-rías como dúas verdes e azúes mans co'as luvas da brétema. As veces, que inñitmente se tenden para que os xitanos do ermo lles boten a boaventura... cando d'ergeren n'un aturuxo bélico a fonte druida en bandeira de liberdade, tal que a Irlanda, puideron onte, puideran oxe e poderían mañán trocarse na nova Grecia superoucidentalista... Contra Sabela, Rosalía... a do corazón de rosas de cen follas c'un cravo de ferro chantado n'ele. Con-

(Contínua na pax 7)

ha paisaxe d'inmorredoiras re-velacións e modelou un povo que, acarón dos seus lares, ou espallado pol-os catro puntos cardinaes do mundo, mantén aceso nos seus miolos o legado dos nosos antenados: O amor á Terra Nai.

E agora neste intre de con-fesións íntimas e sineiras, deñ-xádeme revelarvos o meu de-rreadeiro anxeio: cando morra, pedirei que no meu sartego, ce-cáis escoltado pol-os autos cí-preses do cimterio d'Adina, o que tanto amou Rosalía, grava-do por mans amigas rece este epitafio:

"Eiqué repousa Lito López— e logo en letras de comprido tamaño as verbas do grande Cabanillas que decote foron o guieiro das miñas andanzas pol-a vida— Galego, soio galego".

No Casal de Betanzos Lembrouse aos Mártires de Carral

Conferenza do Doutor Ramón Key Baltar Encol da Revolución Galega de 1846



Moimento erixido aos Mártires de Carral e Capela do Socorro

O día 25 d'abril pol-a noite, a Comisión Pro Relacións entre as Sociedades do Partido de Betanzos, co gallo de se cumprir o 105 aniversario dos Mártires da Revolución Galega, realizou no Casal do Centro Betanzos, México 1660, un grande aito patriótico en honra e lembranza dos mártires fusilados alevosamente en Carral o 26 d'abril do ano 1846.

DESENROLO DO AITO

Diante dun numeroso público que enchía o salón do Casal do Centro Betanzos, coo comento o patriótico aito do Himno Galego cantado pol-a coral do "Centro Betanzos" "Os Rumorosos" que dirixe o señor Carlos López García, e asegurado, o presidente da Comisión Organizadora señor Antón Suárez do Pazo, pronounzo un afevoadado discurso encol da histórica data e cuio texto publicamos íntegramente en lugar aparte.

Axiña, a coral "Os Rumorosos" cantou moi axustadamente "Negra Sombra" que foi moi aprausada pol-o numeroso público, e a continuación, a señora Xosefina García recitou moi axeitadamente, cunha coereita vocalización e dominio do matís, a celebrada composición poética do doutor Ramón Key Baltar "Eu tiña tres soles" que foi escoitada con fonda emoción e premiada cun xeral e sostido aprauso a manífica labouira da xoven recitadora.

De contado, o señor Antón Suárez do Pazo, fixo unha breve mais enxundiosa presentación do doutor Rey Baltar, quen tivo ao seu cargo a conferencia tidoada "A revolución de 1846" tema este que o conferenciante desenrolou con singular mestría, facendo un meritorio estudo biográfico - histórico dos persoaxes que tomaron parte naquela frustrada revolución, que tan traxicamente epilogou, sendo moi aprausado o orador ao findar a súa manífica conferencia, cuio texto íntegro, publicamos noutro lugar.

Aseguido, e pechando este grande e patriótico aito, o Segretario do Consello de Galiza, deputado Antón Alonso Ríos pronunciou un afevoadado e patriótico discurso en lembranza dos Mártires de Carral que de-

ron o seu sangue xeneroso aprod do sagro ideal da liberdade, e pondo de releve a esgrevia figura d'Antolín Faraldo, o ilustre precursor da reivindicación das nosas liberdades nazonaes,

Conferenza do Dr. Rey Baltar

A LIBERDADE, IDEAL HUMAN

Millóns de anos leva vivindo o home a súa maravillosa aventura sobre a terra, e aínda non conseguiu que a súa característica fundamental, a liberdade, sexa considerada e respectada como unha condición intrínseca e inviolable do seu ser. En todas as épocas, as clases directoras — sacerdotes guerreiros e terratenentes — tiveron sometido ao pobo a unha tiranía máis ou menos moderada. Coas verbas sempre nos beizos de Deus, Patria e Fronteiras, dispuñan de rebanos de escravos suxectos á súa onímoda vontade. Non había máis lei que o seu capricho nin máis dereito que o que eles graciosamente otorgaban.

De cando en cando xurdían rebelións que unhas veces eran afogadas en sangue e outras trunfaban. Pero o trunfo non duraba moito: axiña a reacción maniobrava con habilidade e voltaba a ser a dominadora.

Deste xeito vai camiñando a humanidade o seu doroso camiño sen atopar acougo. Oxe, así, moitos enxese. Como o xudeo errante, paréce que levava ao lombo a maldición de Deus, que lle obriga a camiñar sempre, sempre sen alenxar endexamáis o seu destino. "Estará condenado o home a non achar nesta vida o seu ideal? Todas as relixións prometen a recompensa para despois da morte; eiqui só nos é permitido obediencia, resignación... E así do que se rebelle! Así daquel que trate de achegarse á Divindade! Así daquel que pretenda saber tanto como Deus! Aínda foi arrezoado do Paradiso por ter inquedanzas espirituais; Icaro quizo voar demasiado alto; e ao acercarse ao sol, derretíuselle a cara das aas, e caeu ao mar; Prometeo por orde de Xúpiter, foi encadeado a un penedo no Cáucaso e un buitre rofalle o fígado, en castigo de haber roubado o fogo do ceo para animar ao home que había feito de barro. Non se agarda aos deuses que ningún tema ambicións que poidan poñer en perigo a súa omnipotencia.

O CRISTO, REDENTOR

Pero o home, ese animal incoquedo que bule na terra, non se resigna a permanecer pasivo e conformado cunha promesa para o máis alá. Quere redimirse no presente e lograr o seu pleo desenrolo espiritual e gozar de todos-os seus atributos, dos caes o máis caro é, o da liberdade. Por eso cando unha voz rascaou en Galias que dixo: "E coñecerdes a verdade e a verdade libertaravos",

o que pedíabais a igualdade de todos diante do seu Pai, e a fraternidade humana, nunciando o próximo fin deste mundo e o advenemento do Reino



O Dr. Ramón Key Baltar, que fixo unha enxundiosa disertación encol da Revolución Galega do 1846

dos Ceos, moitédimes eleitrizádas seguiron ao profeta que se facía intérprete dos anxeos dos seus corazóns. O cristianismo foi o gran movemento de liberación que se opuxo á tiranía dos Ósares, sen temor ás súas feroces persecucións. Os escravos entraron a él con verdadeira fe. As catcaumbas e os circois enchíanse de xentes que oraban e morrían por un mundo mellor. Cando adquiriu a adhesión dos poderosos, trunfo rotundamente, e Constantino entrou en Roma levando no seu estandarte a cruz da redención humana.

Mais este grandioso movemento non produxo o froito que del se esperaba. Mentras estivo na oposición, millóns de mártires ofendéronlle a súa vida coa ledicia nos beizos; e en canto coñeceu a vitoria, fíxose intransigente e cometeu os mesmos erros que de antes combatera. Alíxose aos poderosos e abandonou aos humildes; si que o mesmo viciro de toda revolución: ao trunfar, esqueceuse das pédiacas de onde í entregouse á realidade. Poido ser o ano de unión entre os homes; pero ou non quixo, ou non soupo.

A IDADE MEIA

Despois da caída do imperio román, Europa converteuse nun campo de loita, onde tribus bárbaras disputábanse os despojos. Os xefes cristiáns

Inscripción do moimento de Carral

AOS MARTIRES da LIBERDADE MORTOS O 26 DE ABRIL DE 1846 LIGA GALLEGA NA CRUSA

pol-o numeroso público que enchía os salóns do casal do Centro Betanzos.

A REVOLUCION GALEGA DO 46

O ano de 1846 a España xeniña baixo a tiranía de Narváez, o Español, como tamén se lle chamaba, precursor do que houbo neste século e que como él era andaluz. Habíase apoderado do goberno derrotando a Espartero, í empezou unha política de persecución sufrida contra todo o que tiña algunha mestiz liberal. Espartero e os principais homes do partido progresista foron destruídos ao exilario; os periódicos inimigos do goberno, suprimidos; todos-os partidos políticos, fcecarados fora da lei; as deportacións, os encadeamentos e até as mortes completaban aquel cadro sombrío. Tal era a situación da Hespania cando se produxo a Revolución Galega de 1846.

Pero ¿por qué se elixeu a Galiza, tan arredada da Corte, para cabeza do movemento? Císcis precisamente por eso. Como di o ilustre santiaqueño, Xosé do Porto, abogado do Colexio de Madrid, na súa "Reseña Histórica de los acontecimientos políticos de Galicia" — refírese a revolución do 46— e publicada no mesmo ano: "Galicia, esa joya preciosa, cuanto despreciada en Hespania, rica entre las ricas provincias que pueden contar en su seno con los más poderosos elementos, obsequiada por la naturaleza con una envidiable posición topográfica"...

A REVOLUCION FRANCESA

Desde maneira chegamos ao fin do século XVIII, o século ilustrado, sobre de todo na Franca, onde os enciclopedistas estaban facendo unha ampla revisión de todos-os valores. Ao mesmo tempo fase formando unha nova clase, a burxuesía, colocada entre a nobreza e o traballador manual. Clase coescente, a máis coescente e idealista, que non se conformaba co modo de marchar o mundo, a burxuesía ergueu a bandeira que había sido arriada pol-os falsos continuadores da obra cristiá. Fíxo a chamada Revolución Francesa, a gran revolución que procuramos os Dereitos do Home e Liberdade, Igualdade, Fraternidade, que produxeron un entusiasmo esbordado de esperanza; e que aínda oxe fai latexar os corazóns dos moitédimes.

Pero foi soio un meteoro que brillou no ceo da humanidade. Pronto caeu nas mans da reacción, que, sen quelelo, levouna trunfante por toda a Europa, ao compás do himno inmortal de Rouget de l'Isle: a Marsellesa. O mesmo home que había contribuído a matar a revolución, na súa loucura de predomínio universal, foi o encargado de paseala en espírito por todas as terras que pison.

D. Vicente de la Fuente, autor da "Historia de las Sociedades Secretas" achacalle un papel preponderante á masonería, sobre de todo ás loixas de Porto Vigo, Sant - Iago e a Cruña,

onde había sido iniciado o infante D. Enrique, "con el objeto — agrega la Fuente — de tener un rey como dól el instrumento suyo". Novela ou realidade, non se pode comprobar; o certo é que os atibados públicamente eran homes do partido progresista e algúns conservadores que non estaban dacordo coa ditadura de Narváez; eran unha verba, os homes de ideas liberais e democráticas que anxeaban un goberno constitucional.

Algún rumor do golpe que se tramaba chegou sen dúbida aos ouvidos de Narváez, que de seguida ordeou a deportación a Franca do citado príncipe do Borbón, feito que se realizou o 30 de Marzo, destruíndo ademais ao capitán xeneral de Galiza, D. Francisco Puig Samper, que foi substituído por D. Xosé de Villalonga, home de toda a confianza de Narváez, o día 29 do mes citado.

ALZAMENTO DE LUGO

O coronel D. Miguel Solís y Cueto, xefe de Estado Maior da Capitania xeral do distrito, con residencia na Cruña, procedía da marinha de guerra, onde alcanzara o grado de alférez de navio. Había ando en San Fernando; era home de ideas liberais e sobriño do xeneral San Miguel, amigo e correligionario de Espartero.

O 30 de marzo, o coronel Solís solicitou licenzia do seu superior para ausentarse a Compostela; mais o día 1 de Abril, en lugar de dirixirse á dita cidade, marchou cara a Lugo, a onde o mesmo día pol-a mañán había chegado o 2º batallón de infantaría de Zamora, de novo para Valladolid. Na tarde do día 2 presentouse en Lugo o coronel Solís; e pódose ao fronte do nomeado batallón, despois de conseguir que se lle unira o batallón provincial de Xixón e desarmar á garda civil, fixo formar as tropas na praza maior e dirixíuselle a patriótica alocución que terminaba así:

"Soldados! Envanecido de conducir por la senda de la gloria, contar por el día más feliz de mi vida el que me pusisteis a vuestro frente. Llenaré mi deber satisfecho en contribuir a la conquista de la libertad española y su trono constitucional".

"Soldados! Viva la libertad! Viva la Reina libre y constitucional! ¡Abajo la esmarilla y el dictador Narváez! ¡Abajo el sistema tributario!". Velai coes escomenzou a chamada Revolución Galega do 46. Era un típico pronunzamento hespañol, dos que tanta abundancia houbo no século pasado.

A continuación formouse a Xunta de armamento e defensa, presidida por D. Manuel Becerra, cuías primeiras providencias foron: suprimir o Consello provincial, decretar disolta a Diputación da provincia e abolir por innecesaria e vexatoria a odiosa institución tidoada policía.

SUBLEVACION DE SANT-IAGO

O día 5 ao saber os comprometidos de Sant Iago o alzamento de Lugo, apresuráronse a secundalo. A tal efecto, o batallón provincial de Zamora, ao mando do seu capitán máis antergo, D. Sebastián Arias, xunto co secador de Villavieiosa de garnción na cidade, dirixíusese á praza da Constitución; e así, aos acordos do hino de Riego, o decidido capitán Arias, arengou aos soldados e ao pobo para que, xunguidos en "fraternál comercio" — sen as súas verbas — derribasen o despótico goberno de Narváez, terminando cos mesmos vivas e morras de Solís en Lugo. Anunciou logo a formación dunha Xunta de goberno, presidida por D. Pío Rodríguez Terrazo, e D. Antonio Romero Ortiz, como segretario. Comandante de praza foi nomeado D. Víctor Velasco, que se había distinguido na loita contra os carlistas en Gal-

BREVESCEENCIA NA CRUSA

Mentras tanto a Cruña fervía de impaciencia, pero non acababa de sublevarse. Esta era a praza destinada para lanzar o primeiro berro contra Narváez; mais non se sabe por qué motivo Solís elixen, ou ordeáronlle elixir, a Lugo para tal onxeito. Este constituíu un serio obstáculo para a marcha de insurrección. A Cruña subleuada, o Ferrol non tardaría en facelo tamén; í eran as dúas prazas máis importantes de Galiza.

O capitán xeneral non estaba tranquilo, e tomaba as súas precaucións para evitar o alzamento. O xeneral destituído, Sr. Puig Samper había sido posto en viaxe para Madrid e día 3; pero ao chegar cerca de Lugo, enterado do pronunzamento desta praza, regresou axiña á Cruña. Fíxose así ordes de Villalonga e recrearon o mando da columna que saíse para reducir aos rebeldes, a fin de demostrar que él non había tido parte nos sucesos.

En fronte de dous batallóns de Zamora, unha sección de artillería de montaña e 13 gardas civís, parteu o día 4 para Lugo; mais ao chegar o día 5 e Betanzos, coñecida a suble-

vación de San Iago, recibiu orde de capitán xeneral de que se dirixira á cidade do Apóstolo.

SOLIS EN SANT IAGO E ARMISTICIO DE SIGUEIRO

O mesmo día 4, despois de deixar elementos para a defensa da praza, o coronel Solís saeu de Lugo en dirección a Compostela. O día 6 entrou coas súas tropas na cidade sagrada no meio dun repique xeral de campás, bombas, foguetes e hino de Riego.

Tras de concederlle ás tropas un descanso de 24 horas, o día 8 Solís parteu para Sigüeiro, onde acampaba a columna de Puig Camper coñecendo que as forzas de este partíanse así del sen disparar un solo tiro. Ao afrontarse os soldados de ambos bandos, chegaronse a poñer tan preto os uns dos outros, que saudábanse e chamábanse mutuamente pol-os seus nomes, invitando os de Solís aos seus camaradas a unirse a eles.

O coronel Mac-Krac, que ao fronte do primeiro batallón de Zamora, habíase acerdeado imprudentemente a distancia de seis pasos do provincial do mesmo nome, coñecendo que (Continúa na páx. 6)

DISCURSO DO PRESIDENTE DO CENTRO BETANZOS, Sr. ANTON SUAREZ DO PAZO

Donas e irmáns: Unha vegada máis, as sociedades do Partido Xudicial de Betanzos, cumprindo cunha obriga patriótica, relembrañ oxe o feito histórico que deu pulos a aquil movemento de recuperación nazonal galega, movemento afogado pol-a forza das armas e que culminou c-o sagrefizo dos 12 patriotas fusilados en Carral o 26 d-Abril de 1846. Aquil outro fusilado en Betanzos unhos días dimpis.

N.aquil movemento reivindicatorio que se iniciou na cidade de Lugo o 2 d-Abril d-ise mesmo ano, movemento que nos seus comenzois foi sementes unha sublevación militar en contra do despotismo do dictador Narváez, tivo activa e descollante participación unha esgrevia figura betaneira, Antolín Faraldo, a quen o sabio Murguía sinalou como un dos nosos precursores porque ca súa privilexiada intellexencia foi o vislariño que tivo a intuición da grande obra e dos positivos beneficios que o dito movemento ofrecía acadar pro porvir de Galiza. Antolín Faraldo esportou á xuventude galega, q-í o porse a cargo do movemento revolucionario constituiron en Sant-Iago a Xunta Suprema de Galiza, dirixindo ao pobo da nosa Patria aquil maní.

Entidades aderidas

- Centro Galego de Bs. Aires
- Centro Lucense
- Centro Orensano
- A. B. C. do P. de Corubián
- Federación de Soc. Gallegas
- Irmadade Galega
- Agrupación Galicia
- Agrupación "A Terra"
- Círculo Sgo. de Compostela
- P. Unidas do A. de Rianxo
- Residentes de Lousame
- Hijos de Zas
- Centro Noyé
- Hijos del P. de Negreira
- Centro Sangejo
- Centro Barbanza
- Centro Becerra
- Unión Residentes de Outes

festu no que se erguía a bandeira da galeguedade e se exhortaba aos galegos a loitar pol-o conqueirmento da súa liberdade e pol-a



Antón Suárez do Pazo, Presidente do Centro Betanzos, que falou en nome das entidades organizadoras

afirmación soberana dos indiscutidos dereitos de Galiza. Sin Antolín Faraldo aquila revolución quizaves non sería máis que un dos tantos movementos militares que se atopan a feixas na historia d-Hespania, e nos que Galiza participou sempre defendendo intereses alieos sin lograr nen no seu propio beneficio. Pero Faraldo, con visión clara, soupo aproveitar aquil intre de rebeldía para lle dar un senso ideolóxico a ise pronunzamento, refiríndose no seu manifesto as aspiracións de Galiza. Encomendando unha loita que se mantén ergueita até oxe, loita que non rematará namentras Galiza non sexa o que debe ser, é dech, un povo libre dentro da libre comunidade dos povos da Iberia, xunguidos baixo un réximen representativo republicano federal.

Co percorrer do tempo, o nome de Faraldo vai adegueirando máis outas proporcións porque foi o adelantado das arelas galeguistas, o precursor do ideal que máis tarde encarnou na persoalidade de Brañas, convertíndose en movemento político-popular ca creación das Irmadades da Pala por Vilar Ponte e que deron vida ao Partido Galeguista ou acadou a súa máis



O segretario do Consello de Galiza, deputado Antón Alonso Ríos na súa alocución patriótica con que deu remate ao aito

ma representación na ilustre figura do noso grande guieiro Castelano. En data próxima cumpriráse o centenario da morte de Antolín Faraldo; por ise intre, a colectividade galega de Bós Aires, Galiza enteira, ten a obriga de lle rendir a esta esgrevia figura e homaxe a que se fixo merecedora e cuíes restos descansan en terra allea, agradando qu-algún día mans de patriotas galegos o han levar ao seo da terra nai.

As sociedades do Partido Xudicial de Betanzos sin dúbida algunha han de honrar a súa memoria, pois Faraldo é unha d-issas figuras escepcionales que non poden circunscribirse a un límite de cidade ou de Partido Xudicial; Antolín Faraldo é unha gloria nazonal galega e como tal terá de ser lembrado no intre do seu centenario.

O recordar oxe, eiquí, n-este aito de homaxe, o sagrefizo dos homes que fai 105 anos deron as súas vidas en ofrenda ao ideal de liberdade, non podo sustraerme á necesidade de referirme no intre actual da nosa Patria. E os nosos deberes hacia ela. A colectividade galega de Bós Aires ten cada día máis responsabilidades ante os seus irmáns da terra, pois Galiza ten postas as súas esperanzas na aición dos seus fillos de alén o mar, os únicos que podemos realizar algunha obra, porque lies, os galegos da terra nai, istán sofrendo, baixo un réximen de terror, a máis crudel das tiranías a que a nosa Patria se veu sometida nos longos séculos da súa existencia. Nós, que témo-la sorte de respirar o ar da liberdade, temos a obriga de representar o espírito l-o sentimento da Galiza libre, e esa representación hai que asumila con responsabilidade, con decisión e con firmeza, traballando sin descanso l-aproveitando os valloso elementos de que dispomos. De nada val que uns días ao ano nos xunteemos para rememorar iste coo aquil acontecemento; o que fai falla e istar o ano inteiro sagrefi-cándose pol-a causa, pois o noso sagrefizo e insignificante si o comparamos co d-aquiles irmáns que deron as súas vidas, ou d-issos outros que día a día sofren baixo íse réximen de miseria, pasando toda crase de privacións sin contar co máis elemental para súa subsistencia, e como s-isto fora pouco aínda viven no permanente peligr da súa seguridade persoal a pouque que fagan ouvir a súa voz de protesta. Aquiles irmáns miran hacia nós espranzados e nos outros non debemos trizoalos, pois triduria significaría o deixal-os abandonados á súa propia sorte.

Co percorrer do tempo, o nome de Faraldo vai adegueirando máis outas proporcións porque foi o adelantado das arelas galeguistas, o precursor do ideal que máis tarde encarnou na persoalidade de Brañas, convertíndose en movemento político-popular ca creación das Irmadades da Pala por Vilar Ponte e que deron vida ao Partido Galeguista ou acadou a súa máis

afirmación soberana dos indiscutidos dereitos de Galiza. Sin Antolín Faraldo aquila revolución quizaves non sería máis que un dos tantos movementos militares que se atopan a feixas na historia d-Hespania, e nos que Galiza participou sempre defendendo intereses alieos sin lograr nen no seu propio beneficio. Pero Faraldo, con visión clara, soupo aproveitar aquil intre de rebeldía para lle dar un senso ideolóxico a ise pronunzamento, refiríndose no seu manifesto as aspiracións de Galiza. Encomendando unha loita que se mantén ergueita até oxe, loita que non rematará namentras Galiza non sexa o que debe ser, é dech, un povo libre dentro da libre comunidade dos povos da Iberia, xunguidos baixo un réximen representativo republicano federal.

Co percorrer do tempo, o nome de Faraldo vai adegueirando máis outas proporcións porque foi o adelantado das arelas galeguistas, o precursor do ideal que máis tarde encarnou na persoalidade de Brañas, convertíndose en movemento político-popular ca creación das Irmadades da Pala por Vilar Ponte e que deron vida ao Partido Galeguista ou acadou a súa máis

noea coleditidade en apoio d-quilas conquistas populares, eisi oxe as sociedades galegas teñen de mobilizar as súas forzas l-estreitar as súas vontades para realizar o qu-ali non pode faguerse.

Molto é o que a iste senso levamos adiantado nos anos derradeiros. Como de pasada, podemos citar o Centro Galego coa primeira exposición do Libro Galego l-os concursos literarios e musicas significativos aitos patrióticos, a Comisión Intersocietaria de Entidades Coruñesas que organizou aitos d-outra categoría cultural i-artística; as sociedades do Partido Xudicial de Betanzos i-ista manífica coñuxión de sociedades que cumpren unha meritoria labouira; a Federación de Sociedades Gallegas, os Centros Provin-

ciales, Ourensán, Lucense e Fontevedeira, len fin, todas as entidades, unhas máis l-outras menos, pero que todas, individual ou coleditivamente traballan a cotío a prol de Galiza, constituíndo os elementos básicos para iste obra de galeguedade que deu motivo a aquila inspirada frase de Castelano cando tidoou a Bós Aires como capital da Galiza ideal. N-iste rexurdir do sentimento de galeguedade, non podemos esquecernos da labouira continua d-Irmadade Galega, fidel depositaria e continuadora da doutrina espallada por Faraldo, Brañas, Vilar Ponte, Bóveda, Castelao, etc., eisi como tampouco a obra dos periódicos e revistas galegas que xunto coa aución "Recordando a Galicia" manteñen anteante o espírito da Patria asustada de quen nos esforzados e vixilantes defensores; e tamén é l-útil destacar a importancia das masas corales que reviven n-as súas interpretacións a riqueza artística do noso povo.

Un dos motivos principais d-iste rexurdir, sin dúbida, a creación do Consello de Galiza, lexítima i-auténtica representación da Galiza ceib, posto que ista constituído pol-os homes a quen o noso povo lle deu a súa representación nas derradeiras eleccións libres que se celebraron en Galiza, vontade que nós respetamos, acatando e recoñecendo ao Consello de Galiza como o goberno da nosa Patria até responsabilidades ante os seus irmáns da terra, pois Galiza ten postas as súas esperanzas na aición dos seus fillos de alén o mar, os únicos que podemos realizar algunha obra, porque lies, os galegos da terra nai, istán sofrendo, baixo un réximen de terror, a máis crudel das tiranías a que a nosa Patria se veu sometida nos longos séculos da súa existencia. Nós, que témo-la sorte de respirar o ar da liberdade, temos a obriga de representar o espírito l-o sentimento da Galiza libre, e esa representación hai que asumila con responsabilidade, con decisión e con firmeza, traballando sin descanso l-aproveitando os valloso elementos de que dispomos. De nada val que uns días ao ano nos xunteemos para rememorar iste coo aquil acontecemento; o que fai falla e istar o ano inteiro sagrefi-cándose pol-a causa, pois o noso sagrefizo e insignificante si o comparamos co que de be de faguerse, pois istes xa non son intre d-espranzados senón vergadas de realidade. Irmadade unha uniformidade de criterios no aición nas nosas entidades l-amar todas-as vontades pra qu-a colectividade galega da emigración cumplo co seu destino histórico, pois se Galiza non pode falar por íse mesma, se Galiza, que deinde o longo dos séculos ven sofrendo un permanente sometimento, pode ser asoballada, Galiza endexamáis será vencida nin renunciará os seus lexítimos dereitos, porque poderá ser afogada a voce dos nosos labregos e mariñeiros, poderá incurso ser impedida ou silenciada a aición dos nosos escritores e postas, pero namentras os galegos da emigración non sexamos desleigados a voce de Galiza terá de ser sempre escoitada, e cada día con máis pulos, até o conqueirmento da liberdade pra nosa Patria.

Ista é a nosa misión, ista é a obriga das entidades da nosa colectividade. De non ser cumprida, non terán ouxeto a realización d-aitos coman-o de oxe, adicado á lembranza de quenes fai máis d-un século loitaron até o sagrefizo das súas vidas por istos mesmos ideles.

Conferenza do Dr. Ramón Rey Baltar

(Ven da páx. 5)

eran seus antigos subordinados do segundo batallón, escomenzou a arengalos recordándolles os deberes da ordeanza e a disciplina. Replicoulle un oficial no nome de todos dicindo en voz alta: "Los defensores de la libertad no abandonarán la bandera desplegada hasta vencer o morir".

O escadrón de lanceiros de Villaviciosa aproveitou a oportunidade para colocarse a retagarda do primeiro batallón de Zamora e illalo da liña. Vendo estonces, Mac-Kron a situación comprometida da súa forza, correu apresuradamente a entrevistarse con Samper e dicirle que soio o seu prestixio podería salvar á columna dun grave fracaso.

O xeneral manda chamar ao capitán Arias e con verbas melosas pré-galle evitar o derramamento de sangue. Arias contesta que no alto transmitiría a súa petición ao comandante das forzas D. Miguel Solís. Este replica que as tropas pronunciadas non se retirarán até que a columna do goberno non se adira ao alzamento. Chegada esta contestación a Samper, pideu 24 horas de prazo para decidirse. D. Sebastián Arias, no nome do seu xefe, concedelle 48, coa mútua obriga de non hostilizarse durante ese tempo e que foran as tropas de Samper as primeiras en dar volta á espalda. E así se fixo con berros de contento e satisfacción. Tal foi o famoso armisticio de Sigüeiro, que relembra o romanticismo cabaleresco da Idade Meia; pero que constituiu un desastre para os revolucionarios.

PRONUNZAMENTO EN PONTEVEDRA E VIGO

O día 9 o aitivo capitán Arias, ao mando dunha partida de tropas, saeu para Pontevedra co oxeto de sublevar a garnición da mencionada praza; pero adiantóuselle o comandante da garda civil da provincia D. Manuel Buceta, de modo que cando chegou o capitán Arias, xa a praza habíase pronunciado ao seu favor.

Habendo cumprido Arias a súa misión en Pontevedra, saeu o 10 para Vigo co mesmo fin; pero ao pouco tempo de camiño rescibeu ordes de Solís para que voltara a Sant Iago, posto que no Castelo de Castro ondeaba xa a bandeira revolucionaria, como igualmente nas vilas de Baiona, Redondela, cidade de Tui e península de Morrazo. D. Leoncio Rubín, xeneral con residencia en Vigo, presentouse á Xunta de defensa da dita praza e ofreceulle os seus servizos. Doulle o mando dunha columna composta duns 900 homes e dúas pezas de artillería rodada.

COMBATE DE SIGÜEIRO

Solís, por medo ás forzas de Samper, que habían quedado máis numerosas que as del, abandonou Sant Iago e foi en busca de Arias.

Ambas forzas atopáronse en Caldas de Reies e decidiron voltar a Compostela, onde o día 11, entraran as tropas de Puig Samper, saíndo de seguida en persecución das de Solís; pero ao chegar a Padrón, enterado o citado xeneral de que Vigo estaba sublevado, regresou a toda presa, non parando hastra ocupar de novo as posicións que tiña en Sigüeiro.

Neste mesmo punto volvéronse a lomar o día 13 os dous xefes inimigos; mais entón houbo combate. A batalla durou pouco — unhas catro horas —, pero foi dura. As perdas por ambas partes foron case parellas. Inque as tropas de Samper tiveron un maior número de feridos. Derramada inútilmente a sangue de irmáns, Solís retirouse a Sant Iago e Samper a Carral.

CONSTITUCION DA XUNTA SUPERIOR DE GALIZA

I eiqú chegamos ao intre máis fulminante da revolución. As principais cidades respondían aos sublevados. O goberno Central soio contaba coa adhesión, non moi segura, da Cruña, Ourense e o Ferrol. Povos da costa de importancia, como Noia, Muros, Rianxo, a Puebla, Vilagarcía, Cambados, e Cangas, habían formado as súas Xuntas; e como eles, Padrón, Tui, Redondela, Baiona e a Garda. Era necesario que houbera unha soa autoridade para darlle consistión ao movemento. Acordouse, pois, e oca-

ción dunha Xunta Suprema con residencia en Sant Iago.

O autor do proieito, D. Miguel Solís, apuraba para que se realizara axiña. A tal fin foron convocados os presidentes das principais xuntas para o día 15 na cidade nomeada. Concurriron D. Pío Rodríguez Terrazo, por Sant Iago; D. Xosé M. Santos, delegado de Pontevedra, e D. Ramón Buch, por Vigo. Lugo non estivo presente por non recibir a tempo a citación; pero adreouse despois aos acordos. Representando ao exército asistiron o coronel Solís e o xeneral Rubín. A Xunta Superior de Goberno de Galiza quedou constituída pol-os mencionados representantes de Vigo e Pontevedra, como vocaes; pol-o de Sant Iago, como presidente, e por Antolín Faraldo, como secretario.

MANIFESTO NAZONALISTA

A Xunta dirixeu de seguida ao povo un varil manifesto no que se reafirmaban as verbas pronunciadas en Lugo, que constituían o pensamento da revolución: "Isabel II libre y constitucional. Abajo el sistema tributario. Libertad, Independencia nacional. Cortes Constituyentes."

Este documento val por toda a revolución. El é o que lle pon un tinte nazonalista ao que non tivo máis pretensión que un simple pronunzamento militar. O seu autor, Antolín Faraldo, fillo de Betanzos, era un brillante escritor e periodista, coñecido xa pol-as súas ideas avanzadas e galeguistas, que na Asambreia de Lugo do 43 había presentado unha mocion para discutir si Galiza debía ou non ser independente, mocion que soio foi rechazada por un voto de maoria.

Pero estas ideas, e aínda nun prano máis moderado, non eran sustentadas máis que por un núcleo de intelectuales, que ningunha influencia tiñan sobre a masa. O povo, en xeral, non sentía nin comprensión o que oxe está no corazón de todos. Máis ben temía que fora aumentado o poder dos señores que mandaban en Galiza en Galiza como nun feudo propio. De calquera xeito, como di Murguía na súa obra marxista, tidaada "Los Precursores": "Faraldo es el verdadero iniciador del movimiento provincial que hoy nos parece tan lógico y tan fácil, y que hace cuarenta años apenas si se sospechaba su importancia ni comprendía su necesidad". Espallou a semente que non podía xermolar naquel intre por falla de chan adecuado e marcou o vieiro que debe seguir todo bó galego. Vou a leer os principais párrafos do trascendental manifesto: "El pueblo conquistará en esta revolución lo que le han arrebatado los cómicos de los pronunciamientos: Pan y Derechos. Galicia, arrastrando hasta aquí una existencia oprobiosa, convertida en una verdadera colonia de la Corte, va a levantarse de su humillación y abatimiento". E máis adiante: "Despertando el poderoso sentimiento del provincialismo y encaminando a un solo objeto todos los talentos y todos los esfuerzos, llegará a conquistar Galicia la influencia de que es merecedora, colocándose en el alto lugar a que está llamado el antiguo reino de los Suevos. Que la espada de Galicia haga inclinar una sola vez la balanza en que se pesan los destinos de España".

SOLÍS E RUBIN MARISCALES DE CAMPO

Considerando logo a Xunta a situación do coronel Solís, xefe indiscutible da revolución, con respecto ao xeneral Rubín, que había chegado a Sant Iago ao mando dunha columna, para evitar posibles discusións e inconvenientes que poderían ocorrer pol-a diferenza xerárquica, acordou nomear aos dous mariscales de campo e dividir as forzas en dúas divisións cada unha mandada pol-o seu respectivo xefe. I esto era urxente para tratar de conseguir o alzamento das tropas da Cruña, do Ferrol e de Ourense e impedir a entrada na Galiza das forzas do Goberno Central, que ao mando de Concha xa habían saído de Castela.

A NOTICIA DA REVOLUCION EN MADRIDE

A todo esto, ¿qué ocurría en Madrid? Non ben se coñeceu na Corte e pronunzamento de Lugo, a caída de

Narváiz foi case fulminante e o seu desterro non se fixo esperar; o día 6 saía para o eistranxeiro. E o moderado Istúriz, que o sucedeu, cunha astucia de raposo, nomeou a un grande inimigo de Narváiz para sofocar a revolta: o mariscal de campo, D. Xosé Gutiérrez de la Concha. Este xoven militar tiña moito prestixio no exército e quizais estaba comprometido no alzamento contra o Espadón. Tendo en conta estes dous feitos, a caída de Narváiz e o nombramento de Concha, eispíricanse cousas que doutro xeito non se conciben. Porque, ¿cómo é que a insurrección quedou limitada á comarca galega? ¿Non había comprometidos noutras partes de Hespania? ¿E por qué non rescibeu axuda de Inglaterra, onde se atopaba o xefe dos progresistas o xeneral Espartero? Desaparecido aquel contra quen se producía a sublevación, os conxurados posiblemente chamáronse a sosego e os que habían dado o primeiro paso ficaron abandonados ás súas propias forzas. A revolución, pol-o tanto, foi condenada ao fracaso dende da caída de Narváiz e o nomeamento de Concha para sofocala.

25 DE MAIO

Velaí a data crucial para a nazonalidade argentina. Fai 141 anos que o povo de Bós Aires, farto de estar sometido ás arbitrariedades dun centralismo absorbente e lonxano, ergueuse en procura da súa liberdade. Reclamou con decisión o seu dereito de gobernarse por sí mesmo e conseguiu, nunha xornada memorabel, a formación da famosa Xunta que iniciou a epepeia que dou vida á nazón.

Nós, que loitamos pol-a mesma causa, a liberación de Galiza do poder asoballante de Castela, sentímonos irmáns daqueles patriotas que se lanzaron ao combate en defensa da súa patria.

A NOSA TERRA, que sae eiqú porque o noso país xeme baixo a tiranía máis feroce da historia, non pode menos de adherirse cordialmente á festa patria desta xenerosa nación e facer votos pol-a súa prosperidade e grandeza.

PRIMEIRAS OPERACIONES DE CONCHA

Este xeneral, cunha celeridade propia do home que está seguro do que fai, o mesmo día en que rescibeu o encárrago de combater aos revolucionarios, o día 7, emprendeu o camiño de Galiza coas forzas expedicionarias do seu mando. Ao chegar a terras de Zamora, enterouse de que o xeneral, D. José Martín de Iriarte, que se atopaba exiliado en Portugal, había situado a Astorga con dúas compañías sublevadas e 300 paisanos armados, e alá se foi ao fronte do reximento de cabalería da Raíña, facendo prisioneiros a todol-os atacantes, salvo o xeneral Iriarte, que poido fuxir con 28 homes de a caballo. Isto sucedeu o día 11 e o 12, xa as tropas de Concha entraban en Galiza e tomaban o camiño de Monforte.

BATALLA DE CACHEIRAS E SANT IAGO

A división de Solís, despois de fracasar no seu intento de provocar a sublevación das forzas da Cruña e do Ferrol voltou a Compostela, onde entrou o 22, o mesmo día en que se sublevaron en Vigo os barcos de guerra que estaban fondeados naquel porto: o bergantín Nervión, a barca Astuto e o lugre Bidasoa.

Esta nova foi celebrada con todo entusiasmo; pero ao día seguinte a desesperación encheu o peito dos sublevados. Sabedor Solís de que o xeneral Concha había saído de Ourense para Sant Iago, non tendo noticias da columna de Rubín, determinou, de acordo cos Xuntas Suprema, retirarse a Padrón e facerse ali forte en

espera da axuda do seu compañeiro. Mais ao chegar á Ponte da Rocha, inducido por falsos informes, cambiou de rumbo e dirixeuse a San Simón de Cacheiras, onde se atopou coas forzas de Concha, superiores en número, en lugar das do xeneral Chinchilla, que eran menos poderosas e as que él pensaba encontrar.

Trabado o combate, despois dunha loita desesperada, vendo Solís perdida a batalla, resolveu retirarse a Sant Iago, en contra da opinión dalgúns dos seus oficiais que lle aconsellaron dirixirse a Padrón. As tropas de Solís entraron na cidade, seguidas pol-as de Concha, que acababa de rescibir reforzos ao mando do xeneral Rodríguez. Rúa por rúa e casa por casa loitaron os sublevados, que se retiraban conforme se lles ían acabando as municións, hastra que, sabendo que algúns cartuchos quedaban no antergo mosteiro de San Martín, encerráronse nesta forteza, dispostos a vender caras as súas vidas. As sete da tarde dese funesto 23 todo había terminado. Os soldados entregaron as armas e Solís ao fronte da maior parte dos seus xefes e oficiais quedaron prisioneiros de Concha. D. Manuel Buceta, o seu xefe de Estado Maior, e outros oficiais máis, non quixeron facerlle o gosto ao inimigo, e fuxiron, refuxiándose no cabo en Portugal.

A DIVISION FANTASMA

¿Qué facía en tanto a división de Rubín? ¿Por qué as súas tropas non habían acudido en defensa das de Solís? O xeneral Rubín, habendo fracasado no propósito da toma de Ourense, marchouse a Rivadavia; e desvindo o consello de xefes e oficiais que lle pregaban para que permanecera na dita vila, con oxeto de vixiar os movementos de Concha e axudar en caso necesario ás tropas de Solís, ordenou seguir a Ponteareas; isto é, que en vez de acercarse a Sant Iago, alexábase de él, dificultando dese xeito o auxilio que lle pudiera dar á primeira división. De Ponteareas marchou a Cañiza, da Cañiza voltou a Rivadavia...; e así, en marchas e contramarchas, perdeu lastimosamente o tempo.

Ao fin, o día 22, requerido persoalmente na Cañiza pol-o delegado da Xunta Suprema, D. Ramón Buch, Rubín ordenou a saída para Sant Iago; pero como as súas tropas estaban dispersas, houbo que esperar para xuntalas hastra o día 24, en cuia madrugada puxéronse en camiño para Compostela. A oito leguas da cidade, Rubín tivo noticia do combate de Cacheiras, pero ignorando a sorte de Solís. O natural entón era que Rubín forzara a marcha para ver si aínda podía axudar a Solís, máis o que fixo foi permanecer tranquilo até a mañán do 25, marchando logo en dirección a Estrada. Dun povo en outro, sen rumbo fixo, o xeneral Rubín facía sempre todo o contrario do que debía e do que lle aconsellaban os seus xefes e oficiais, hastra que, unha noite, cando ía ao fronte das súas tropas, fuxeu cobardemente na compañía do seu axudante e do seu guía. Unha descarga cerrada dou a voz de alarma; pero as balas non fixeron branco no corpo do traidor. Díxose que estaba deacordo co xeneral Concha, de quen era moí amigo, para desbaratar a revolta. Un testigo da maior eisección, que viveu naquelas épocas, o abogado Do Porto, na súa xa citada "Reseña Histórica de los últimos acontecimientos de Galicia" escribe a este propósito: "La primera división pereció con la bandera acribillada a balazos, con una mano sobre el honor y la otra sobre la espada. La segunda acababa de ser vendida en la almoneda del deshonor o de la cobardía. ¿Que escoja entre estas dos deshonras el hombre que ha huido, atando su reputación a la cola de su caballo!".

OS ASESINATOS DE CARRAL

E agora chegamos á parte final e máis dócrosa desta malfadada revolución: a traxedia de Carral. Cunha celeridade sorprendente, o mesmo día 24, cando o capitán xeneral de Galiza soupo a prisión de Solís e dos seus compañeiros, ordeoulle á comisión militar instalada na Cruña, que saira inmediatamente para dito povo, a fin de someter a xuício aos presos, con arreglo á lei do 17 de abril de 1821. Esta lei era draconiana: bastaba identificar aos acusados para que ao mes-

mo intre foran postos en capela e fusilados ás tres horas.

Constituída o propio día 24 a comisión nomeada, tivo un sentimento de piedade; e a pedido do fiscal, comandante de infantaría, D. Antonio Castro, acordou oficiar ao capitán xeneral para que confirmase si todol-os xefes e oficiais prisioneiros debían ser ou non xuzgados conforme á citada lei. A contestación non se fixo de esperar. Con data tamén do 24 ordeaba: "...dispondrá V. S. se aplique inmediatamente la pena capital a los jefes y capitanes efectivos que disfrutaban este empleo antes de la sublevación, llevando a debido efecto la ejecución de esta pena en el día de mañana, sin la menor dilación ni consulta, dándome parte de haberlo ejecutado. Firmado, Juan de Villalonga."

O día 25 chegaron a Carral, atado codo con codo, como vulgares criminaes os valentes xefes e oficiais da primeira división do exército libertador, que habían caído prisioneiros en Sant Iago. Escoltados por catro compañías de Mondoñedo e tropas de caballería ao mando do coronel Cañalfeiro, fixeron o viaxe a pé, sofrindo continuos aguaceiros aqueles desgraciados. Pasaron a noite na capela do Socorro, nun local de 45 metros cuadrados; e para evitar a asfixia das 62 persoas que estaban ali fechadas, houbo que facer un burato no teito. E grazas a uns cantos foixes de palla levados por almas caritativas, poideron descansar un pouco no chan os infelices prisioneiros. ¡E' inconcebible tanta crueldade!

O día 26, cumpridos os trámites, da citada bárbara lei, sen permitirle defensa algunha, foi fusilado no cemiterio de San Esteban de Paleo o bizarro xefe da revolución, coronel D. Miguel Solís. As poucas horas sofrírou a mesma sorte o comandante D. Víctor Velasco e os capitáns D. Xacinto Daban, D. Manuel Ferrer, D. Fermín Marino, D. Ramón Lloréns, D. Xosé Sánchez, D. Ignacio de la Infanta, D. Sanjurjo de la Llave, D. Francisco Márquez, D. Xosé Martínez e D. Felipe Valero. O 4 de Maio, pol-a mesma causa, foi tamen fusilado en Betanzos o sarxento primeiro, co grado de subtenente, D. Antonio Samitier.

¡Sangre xenerosa vertida pol-o sagro ideal que a humanidade persigue sen atopalo endexamais!

REIVINDICACION

O goberno liberal de 1855 reivindicou a memoria de Solís e dos dous compañeiros de martirio, inculcado o sarxento Samitier. Todos foron declarados Beneméritos da Patria e ordeouse colocar as súas cinzas nun monumento que o Estado erixiría pol-a súa conta na cidade de Sant Iago. Otorgouse a Cruz de San Fernando aos 25 nacionaes que habían combatido en Cacheiras baixo o mando de Solís, e creouse a Cruz de Valor e Constantia para premiar os servizos dos que voluntariamente tomaron as armas en favor da revolución.

Un novo cambio de política anulou ao ano seguinte estes honores e recompensas; pero foron restablecidos pol-o Goberno de 1869, que ademais, ordeou a formación de xuntas calificadoras nas catro provincias galegas, para entender e tramitar os expedientes dos que solicitaran recompensas.

INAUGURACION DUN MOIMENTO EN CARRAL

Constituíronse as Xuntas e otorgáronse os premios; mais o momento ficou esquecido até que a Liga Galega na Cruña erixiu en Carral, que é o lugar axeitado. O aito da inauguración realizouse o 22 de Maio de 1904 e a él asistiron autoridades das principais cidades de Galiza, escritores, políticos amantes da liberdade, profesionales e numeroso público. Unha nota emocionante douna a presenza do coronel Velasco, que na compañía de dous fillos, foi a render tributo a seu pai, non habendo podido terminar a lectura do seu discurso, porque as bágoas nubáronlle os ollos.

O moimento é dunha formosura e sinxeleza impresionantes e está feito con pedra granítica das nosas montañas. El perpetuará a memoria daqueles herois que morreron en defensa da liberdade.

¡Gloria aos Mártires de Carral!

Galiza e a Reforma Agraria

por
B. CUPEIRO

A segunda República Española, que pra Hespaña trouxo aparelhada unha fonda transformación político-económico-social, do réxime feudal que viña padecendo, non representou en troques pra Galiza ningún adianto, a esecución do que significaba pros cidadáns galegos no orde individual. I-é que a solución dos problemas de Galiza endexamáis poderá vir dende a capital do estado hespañol, inda que na mesma houbera sinceiros desexos de logralo, o cal está moi arredado da realidade, e xa non existe dúbida pra ningún galego medianamente intresado nos asuntos da súa patria, de que os males da terra soio poderían remediarse aplicándolles solucións acoñecidas ás características que os particularizan; a cultura a economía e todo canto Galiza percisa pra camiñar cara a súa grandeza, se non poderían endexamáis ser arranxadas coma non sexa con solucións escrusivamente galegas. Iste aserto está xa amplamente demostrado pol-os análisis que a cotío veñen facendo en xornales, revistas e toda cras de publicacións, os voceiros do galeguismo. Pero inda que así non fose, abondaría faer referencia á Ley de Reforma Agraria pra por de releve a diferenza, e incurso a incompatibilidade que existe entre Galiza e o resto d-Hespaña.

Pra ningún é unha novidade — por ser amplamente coñecido — o réxime feudalista de grandes latifundios rurales que sofren Castela e Andalucía, i-as repercusións económico sociais que orixinan n-unos países eminentemente agrícola, o feito de que haxa quen é dono de 92.000 Ha. coma o duque de Medinaceli, ou de media provincia de Guadalajara coma sucedía co conde de Romanones, Lóxicamente o réxime republicán tiña que perseguir o arranxo deste estado de cousas, i-elou orixen á tan levada e traída Ley de Reforma Agraria; eua principal finalidade era a espropiación dos grandes latifundios inculcos, pra seren entregados logo de parcelados ás familias de labregos, que sempre habian vivido en calidade de xornaleiros.

Pero velahí que ista ley eua posta en práctica os galegos tiñamos que axundar a pagar, non tiña aplicación en Galiza; polo menos do xeito en que estaba feita. — A nosa terra non ten latifundios, senon en troque minifundios, o que tamen trae aparelados serios problemas, tales coma as dificultades de cultivo, porque non permiten a aplicación de medios mecánicos, e seren destinadas a maoria das veces a sementeiras pouco remunerativas, pero indispensables pra as necesidades da nosa economía de tipo escrusivamente familiar, e outros moitos que sería longo espoñer. Emporiso ao ser tratado nas cortes constituintes da República a Ley de Reforma Agraria, os deputados do Partido Galeguista, presentaron á mesma unha emenda, que tiña por ouxeto a espropiación de certos minifundios, co ouxeto de unilos entre si e formar granxas que permitiran unha máis proveitosa e centífica explotación agrícola. Pero as razóns dos deputados galeguistas non foron atendidas, e coma carecían de suficiente número pra impór o seu criterio — porque nos congresos españoles a razón era monopolio das maorias e xurdía da cantidade e non do bon senso —, a Ley de Reforma Agraria soio tivo pra

Galiza unha repercusión negativa xa que trouxo coma consecuencia un aumento do des por cento nas contribucións territoriales. A constitución social de Galiza de tipo minifundista, inda que representa un gran adianto sobor das terras latifundistas da meseta e amosa a superioridade social da nosa patria en relación ás mesmas, ten, non embargantes, necesidade leises basadas nas realida-

des-vivas da súa conformación económica e social; o minifundismo é, non ostante, a meirande garantía de que cando sexan estudiados con criterio centífico moderno os problemas dos nosos agros, a arranxados como sempre fae-o con senso dunha orientación económica escrusivamente galega, serán sen dúbida os nosos edos, un dos poucos paradros que existan no mundo, porque o noso país é onde a propiedade está máis xusta e humanamente distribuída.

OS EVANXEOS DA RISA

(Ven da páx. 3)
tra Tereixa de Cepeda e Ahumada —evocación do viño forte e sin recendo e de sol aburante—. Concepción Arenal — ledicia d'escumas salitrosas, de praias limpas, de azul e branco de mar e ceio e de batir de áas de vela atlántica. E logo, a Freira des Chagas e o parvo. Te norio, serodias herbas parásitas nadas no chan e d'él desbotadas embora para que lles sirvan de pai e nai os nosos paisaniños cegos, xoríos, mudos e desleigados...
O noso ceo d'arte, é o do Pórtico do mestre Mateo, onde Deus se glorifica c'unha leda teoría de músicos patriarcas que deitan da pedra o lirismo que zugaron na entrada dos verdes montes. O noso Deus é o que só pode ter cuito baixo absides románicos, onde o pecado orixinal vive en paganía pola gracia das gárgolas, fontes do primeiro humorismo humán, das que recollen as cónchegas de pelengrino augas da

nosa chuvia, cinguida cos primarios coores do arco da vella, para fertilizaren, valéndose d'ela máis tarde os froitos dourados das árbores rexas do barroco.
Cristo cando volte á terra-ceiba, ralles o "surge et ambula" ós mostruos do paganismo, alicerces sobre dos que Mateo ergueu a súa inspiración bíblica de poeta da pedra e das coores murais, para que espaxen co' as súas pútegais as cinzas de Iuste e as cinzas do Escorial. E d'aquela, penso, en verdade, que a Iberia deixará de ser a triste Hespaña do Frei Lois. Entón a sabía sorriso enciclopédica dos PP. Feixó e Sarmiento, que beberon a agulla do esceticismo nas cunhas de viño do Avia, do Ulla e de Samos, namorados das ciencias experimentales, polo noso verde rir en liberdade, irmán do pensamento d'Spinoza, alumeará a pel de touro da península... Os que toron Lusitania, os que souperon por o brason das barras no lombo dos peixes mediterráneos e os que na bouta do firmamento dependuramos un camión noso e universal con folla d'estrelas, xunto cos atletas d'Euzcadi, fecundaremos a entrada do deserto que non quixo ouvir falare do mar a Maragall nin a Camoes, e onde a maldadada Sabela, pior do que Hitler aínda pra os xudeus, tivo matriz. E d'aquela non gostarían es virxens nin os Nazarenos de cantos de morte flamengos... Non esquezamos que o canto d'Ultrala foi o canto de berce do europeísmo, que fixo vir cara a nós, pola vía franca, a cultura d'Ocidente...
En todoLo países líricos abundan os tolos, según o profesor Ortega. D'esos tolos son eu, que non percisan casa coberta en Convo...
EISI FALABA ELECTUS...

D. Carmen González de Ledo

Profundo sentimento de dór causou o falecemento da señora doña Carmen González de Ledo, ocorrido inesperadamente nesta cidade o día 20 do cte. mes.
A extinta, era nai do señor Xosé Ledo —vinculado pol-as súas actividades xornalistas a editorial do periódico "Galicia" órgano da Federación de Sociedades Galegas— e contaba no intre do seu falecemento 79 anos d'idade.



A señora de Ledo, galega d'orixe, chegou fai anos a este país, pra reunirse cos seus familiares e dende entón, incorporouse a coledividade galega onde se lle quería pol-a súa afabilidade e bondade exquisita pol-a cal mereceu ser chamada garimosamente "aboíña" pol-os federados. Posuía cualidades d'esecución que a impuxeron ao recoñecimento de todos cantos frecuentaron o seu trato decote garimoso e cordial.
No aito da inhumación dos seus restos, que se realizaron o día 21 do cte. mes, na necrópolis do Oeste, na Capital Federal, reeditáronse as espresións da fonda dór causado pol-o seu inesperado deceso.
Aos familiares da extinta facémoslle chegar o noso máis sentido pésame, por desgrácea tan irreparable

DE "SEMPRE EN GALIZA"
Estou lonxe da miña Terra: en Badaxoz. Cóbreme un inmenso fanal azul. Atópome na torre de "Espanta Perros" e vexo dende aquí as rúas ensarilladas da cidade. Unha cigoiña lanzal vixia no borde do seu niño, e as pombas bravas chian no ar. Na lonxanía percibo a Elvas —a praza portuguesa, nemiga temporal de Badaxoz—. Acompañame un can vagabundo, que me sigue a todas partes; un can morriñoso e vedreiro, que me fita con ollos de namorar; un can agradecido até o servilismo, que por unha pedra de zuere agarda por min na porta do café para facerme compañía no paseo de total-as tardes... Este cativo animal dame noxo e compaixón, e véndoo tan famento, tan luxado e tan manso, paréceme un símbolo... "Aquí se muere de asco hasta el Obispo".
N-este intre sinto por primeira vez a necesidade de escriber para vós dende o desterro que me impuxeron. Non temades aos meus arroutos sentimentaes, porque xa deixei de ser mozo. E velahí o que hoxe se me ocorre decirille aos lectores de A NOSA TERRA.
ALFONSO R. CASTELAO



"VISITE ESPAÑA, el país de los castillos y las tradiciones; donde viajar y vivir es barato; donde al llegar a la frontera no le preguntan a Vd. que ideas tiene, ni que raza, ni que religión; donde no ha muerto la TOLERANCIA"...
Asín reza un folleto de propaganda turística de Falanxe en Nova-York.
Si señores, inda que pareza mentira é certo. Certo pros americanos, todo o que lle dín nos folletos de propaganda feitos pol-os axentes de Falanxe.
Con dólares pimpantes e soantes no peto, lle non preguntarán qué ideas teñen, nin a qué raza pertencen, nin tampouco reloxón. ¿pra qué? No "Imperio de Falanxe" hai toleranza... pros dólares dos turistas norteamericanos...

Despóis de todo, pra qué, nin qué l'importa a un farto turista americán todas esas cousas? El non vai a Hespaña a portar ideas, nin maldito o que l'intresan. O que si quer, e ver touros, toureiros e Manolas. Que hai pícaros pidicheiros, descalzos, suxos e famentos; mulles e homes desnutrídos a roer a súa fame? ¡Millor! E moito millor será aínda, si a ser posibel, se leva a cabo algunha pena de morte ao "garrote vil", dun "bandido republicano", pra dese xeito disfrutar máis doadamente do tráxico pintoresquismo hespañol...
A B C DE MADRI, nun pavero editorial do mes d'abril ppdo., ponse a teimar na desesperante situación porque atraves a península baixo o réxime de Falanxe e naturalmente —¿por qué non?— chimpalle a culpa da miseria do povo, á derradeira guerra mundial que creou tal situación, como ser, a falla d'alimentos e toda cras d'artigos en xeral.

Por outro lado —engade—, a gran República do Norte, lle non fixo chover o maná do ceu, nin en forma de socorros, nin tan xiquera a xeito d'hipoteca, o que sería un alivio pras súas dificultades interiores e esteriores. Non embargantes, Hespaña é o país d'Europa onde a vida é máis barata e seguirao sendo, namentras non penetren nela as incrinacións xeraes á demagogía...
Como vedes, folgan comentarios ao caradurismo dos escribas de Falanxe. Están a pregar unha esmola inda que sexa hipotecando o país, e non embargantes, teñen o cinismo d'afirmar que Hespaña é o país d'Europa onde a vida é máis barata...
Lástima que os povos de Barcelona, Madri, Bilbao, San Sebastián, Pamplona e toda Hespaña opinen o contrario...

¡OU, OS XESUITAS!... Co tído "¿España totalitaria?" a revista "Razón y Fé" que edita a Compañía de Xesús. (¡Vade retro!) en Madri, publicou un editorial no que s'afirma: "Agora xa podemos descer ao caso hespañol". Un estado que admite e profesa os principios cristiáns, non pode ser totalitario. Non pode, sexa que acepte ou que rechace certas formas democráticas d'oxe. E un eispedente pouco serio e populacheiro pendurarlle un letreiro en descreto, a todo aquilo que non s'axeita ás nosas opinións políticas.
O que coñeza un pouco máis de perto a situación política d'Hespaña, sabe que o novo estado áchase aínda en xestación. O 18 de xullo do ano 1936, chimpou violentamente a Constitución republicán e os principios socializantes e anticristiáns con que se quería asesinar a un gran povo. Daquela, abreuse unha nova xeira constituinte que aínda non finou de crausurarse...
Estes xesuitas son o demo. Namentras os falanxistas moi arrufadamente se dín "totalitarios", os xesuitas, estes "santos varóns" mestres insuperábeis do disimulo, afirman todo o contrario; mais tampouco dín que sexa un estado democrático posto que admite e profesa o cristianismo. ¿Cómo s'enxergue este galimatías?
Ben sabemos —por doorosa eisperenza— que o estado falanxista, nado da violencia máis sanguifenta, e sostido polo terror, a cadea e a fame do povo, non é democrático como, asimismo, que o clero é parte aituante e responsable do sufrimento dos povos hespañoes baixo o réxime máis feroz que rexistra a historia.

CELTA
UNHA CASA INTEIRAMENTE GALEGA
XASTRERIA DE MEDIDA
CONFEICIONS — CAMISAS — XAPEU!
CRABATAS, etc.
rco. LACROZE 4086

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

1. Galiza, unidade cultural.
2. Galiza, povo autónomo.
3. Galiza, comunidade cooperativa.
4. Galiza, célula de universalidade.

A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos,
forxá, forxade grillos
Pode oprimir o ferro
Un corpo enfracuecido;
Mais as nobres ideias
E gloriosos instintos...
Esas... non pode non o duro
ferro,
Nin a morte extinguillos.

EDOARDO PONDAL

Año XXXIII — Núm. 478 BÓS AIRES, MAIO DE 1951 Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

SE EU FORA CASTELAN Bibliófilos Galegos

Se eu fora castelan, teño como seguro que me sentira hespañol. El moi probabel que e aínda máis hespañol que o castelán; incluso tendo en conta que como castelán podera ter me haber máis historia ímpia que como hespañol; pero hai símbolos que maduran tanto nas concencias colectivas, que chegan de por sí a seren valores e aínda a se transformar en categorías; a seren sustancia e non representación dela.

É posíbel que me honrara as grandes epopeias do imperio que crearon Sabela e Fernando, que máis tarde nosou Carlos V, que amasou Felipe II e que foron comendo os posteriores monarcas. Quizais vería na xornada de Villalar un feito glorioso pra os Tres Grandes das Comunidades e outro feito glorioso pra o rei que os esnaquizou. Se eu fora castelán con senso humano e democrático, espírito liberal e concencia política progresista, tería que ver de estudar o xeito de atopar un camiño honrado, pra non deixatle ser unitario hespañol, porque ese, o unitarismo hespañol, sería o que ao meu espírito castelán lle había gustar. En todo caso, non tería cousa miña o esperar as anias de liberdade das máis nacións da Península. Política e espíritoalmente, a miña nacionalidade atopábase perfectamente proxida co estado hespañol. A faxa castelán; as veellas institucións de Castela, a capital en Castela, o espírito todo de Castela imposte a todas as demás nacións, serían cousas que non vexo porque tivera eu que contradecir. A miña razón mandaríame moitas veces ver comedido máis a miña vontade había afinar cara á veira da loita por defender o que por uso e tempo oficial xa era un meu dereito.

Pode ser que remexendo a prola de calquera partido político, rñiera a dar en repubricán, socialista ou de dereitas, e quen sabe e me metería a totalitario de algún dos eistremos. Somentes deslarto a posibilidade de ser franquista, pois eu parto da base de ser xente e non un idiota nin un salvado.

Comprendo como todol-os casteláns que ehegaron a Galiza, miraron arredor como donos de tan. as e tantas cousas. As escolas, a

A mentira das democracias

(Vea da pág. 1)

pranza e conservando un senso. Si algúns o esquenceron oxe, nós non-o hemos esquencido. Europa é, diante de todo, unha fidelidade. Y esta é a razón que nos xunta eiquí esta noite". Ten razón sobrada o ilustre escritor francés. Hai que facer unha nova Europa; pero nin ao xeito dos países onde raíña a escravitude nin como queren as democracias de farsa. Hai que facer unha Europa libre, conscente e xusta, sen comunismo, certamente; mais tamén sen franquismo.

RAMON DE VALENZUELA

Universidade, o clero principal, o Exército, a Mariña de Guerra, as Escolas Normaes, os Institutos, os Gobiernos das provincias, as delegacións de todol-os Ministerios, etc. etc. son absoluta e integramente castelán, o cal quer decir que se traduce ao castelán toda a vida política, económica e docente (docente, non cultural) do país galego. Este castelán, aínda animado de boa vontade, non tiña porque sentir en sí mesmo o crime que se estaba cometendo a nación galega, aínda que vira que o povo non era coma él, que non falaba coma él, que tiña diferente base psíquica que él, e apreciaria ese mesmo xeito diferencial, como si se tratara d-un tipismo ou enxebriño raro e curioso, mais non como o propio cerne de ser nacional d-un povo que mantén a súa vida nacendo e morrendo no seu mesmo corazón, como as bágoas de Castela.

Os galegos veneraron a Santiago como pelegrín, como padricador da paz como emisario da homildade que lles mandara Deus, mais os casteláns puñeronlle ese santo enriba d-un cabalo, cunha espada na man, e adicaron a matar xente na batalla de Clavijo. Pra un castelán é unha ecusa ben feita, como a de vestir de Generala a unha Virxe dos Doores; pra un galego relixioso, representa un sacrilexio inaudito. Son distintas maneiras de ver, de intuir, de comprender aínda as cousas máis sinxelas. Galiza e Castela son dous povos que nunca poderán vivir xuntos porque endexamáis se chegarán a compenetrar. A terquedad de querer forzar esta unión é tan perxudicial pra Castela como pra nós mesmos, aínda que ela leve a mellor parte aparente no xuntoiro. Esto é incomprendible pra os casteláns porque nunca afondaron nas esenciais da nosa terra, sempre as tomaron con desprezo.

Ninguén pode maxinarse a D. Quijote de La Mancha emocionarse diante da beleza sublime do Mar de Vigo, como non podemos maxinar a Pondal presenciando unha corrida de touros. Non que, re falar de superioridade de galegos sobre de casteláns nin de casteláns sobre de galegos, porque considérome parte e podería facer mal xuez; quero, sinxelamente, establecer, máis que a diferenciación, a oposición dos dous povos.

Vivin longo tempo en Castela, e non somentes nas capitales de provincia, senon nas vilas. Alternei con xente castelán de todas as capas sociais i-en circunstancias onde o home se mostra como é, sen ficción, coa sinceridade que da o infortunio padecido en común. Con eles estiven na guerra, na cadea e no campo de concentración. A gran de cordialidade que con eles tiven, crevouse sempre que prantexábamos algún problema de Galiza, tanto tiña

que fora político como económico ou artístico; eran éses os intríns en que eu me demostraba que, patrióticamente falando, tiña tanto que ver connigo como un francés ou un italián. O home castelán, artesán ou labrego, está ausente totalmente de Galiza, e asocia a idea de galego á de segador de trigo que durme no chan e come cebolas crúas. O castelán cultivado fala dos ministros galegos que houbo en Madrid, como de caciques auténticos, citando invariablemente a Montero Ríos. Se falan de arte pode ser que mencionen a Santiago como precursora de Avila, e se falan de peixe mentan a Vigo como provisor de Madrid. Pra eles a Nosa Terra, ten o valor que ao proveito de Castela lle cumpira.

Nunca atopei un castelán que poidera enxergar o problema das colonias. Lembrome dunha vez que dixen "emancipación"; en vez de "perda", que o meu interlocutor mirou pra min asustado; e despois de forte discusión, atreveuse a me chamar "mal hespañol"... En fin, nin siquera no que toca á historia eisterna nos podemos entender.

A nosa vida docente e a nosa vida oficial fixo que calquera galego estudado poida penetrar algo en Castela, deica chegar a comprender ao Cid Campeador.

Un castelán metido a galego, é algo que non acabo de me poder

FOI PREMIADA A TRADUICION AO GALEGO DA OBRA DE POKORNI "CANCIOIRO DA POESIA CELTIGA"

Dende as catro da tarde á onde da noite do miércoles, día 14, estivo en xuntanza no Decanato da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Compostela o xurado nomeado pol-a Editorial Bibliófilos Galegos pra fallar encol do seu segundo concurso, consistente na tradución á lingua galega d'unha obra da literatura universal premiando unha das presentadas, as cuais estaban en poder dos membros do xurado dende principios de xaneiro pra estudo e consideración individual.

Presidía o xurado D. Abelardo Moralejo Laso, decano e catedrático de latín da Facultade de Filosofía e Letras, e como vocais aituaron don Manoel Rey Martínez, canónigo lectoral e profesor de Sagras Escritu-

representar. Se un castelán quere entrar nas cousas espritoaes de Galiza ninguén llo priva, nin quén llo privou deica oxe; a desgracia é que se empeñe en quitarnos esas cousas espritoaes tan nosas pra nos impór as súas. No primeiro caso, sería somentes unha comedia, e no segundo caso e máis ben unha traxedia. Dende logo, sempre teatro.

ras do Seminario Conciliar de Sant-Iago; Don Xohan Gil Armada, Marqués de Figueroa, en representación do Consello da Editorial; Don Manoel Rabanal Alvarez, catedrático de Grego do Instituto Xelmirez e Don Xosé María Alvarez Blázquez novelista e poeta galego que aituou como segredario.

A parte dispositiva do fallo dis así:

"O Xurado mantén un alongado e puntual troque d'imprei-sións, tendo á vista os textos orixinaes, de cuia previa confrontación resulta que todas as obras presentadas ao concurso, ademais de reunir as condicións eisixidas nas bases desve, mostran o acerto dos seus respectivos autores na tarefa realizada".

"Tras detida deliberación, o xurado acorda conceder o premio a tradución da obra "Alt-keltische Dichtungen" de Julius Pokorni, que co título de "Cancioiro da Poesia Celtiga", realizaron D. Celestino Fernández de la Vega e D. Ramón Piñeiro López".

"Asimesmo, tendo en conta os escepcionais méritos da tradución dos "Carmina" d'Horacio, feita por D. Aquilino Iglesias Alvario, acorda o xurado propor á Editorial a edición da devandita obra".

A obra de Julius Pokorni — natural de Praga, eminente filólogo i escritor que estudou en Viena e Dublín e foi profesor de filoloxía celta na Universidade de Berlín, sendo oxe a maior autoridade mundial en cuestións célticas — é unha antoloxía da poesía gaélica-irlandesa e cimrica dos séculos VIII ao XIX seguida dun breve apéndice de poesía anglo-irlandesa d'anos recentes. É estraordinario o seu estudo preliminar.

Chamou esta obra podeirosamente a atención nos meios adicados á investigación literaria de todo o mundo, sendo ampla i eloxosamente comentada nas revistas afíns a ditos estudos. Emporiso que é sumamente intrasante a súa tradución ao galego, sobor todo, si se ten en conta que é a primeira versión que dela se fai a lingua neolatina, posto que aínda o non foi ao francés, italiano, hespañol nin portugués. Por elo, sendo escecional a tradución, dos señores Fernández de la Vega e Piñeiro López, según demostra o veredito de tan competente como severo cónclave de profesores e poetas, é tanto maior o intrés de súa publicación. Verá a lús en xaneiro do próximo ano, facendo o tomo V da Colección "Galicia" da devandita Editorial.

(Do "Faro de Vigo")
(17-3-51)

O Centro Betanzos

ESCOLLEU NOVAS AUTORIDADES

O 24 de febreiro do corrente ano o Centro Betanzos escolleu en Asamblea Xeral novas autoridades que rexirán a institución na xeira 1951-1952, as que após da primeira xuntanza, distribuíronse os cárgos que á seguinte detallamos:

COMISION DIREITIVA

| | |
|------------------------------|--------------------------|
| Presidente | Sr. Antón Suárez do Pazo |
| Vicepresidente | „ Pedro C. Romero, |
| Segredario Xeral | „ Rafael Cabo |
| Segredario d'Aitas | „ Santiago R. Gasalla |
| Prosegredario | „ Vicente Campos Barral |
| Tesoureiro | „ Euxenio Vaamonde |
| Protosoureiro | „ Aquiles Lambruschini |

VOCAIS TIDOARES

Señores: Antón Rilo, Oscar Dans, Agustín Cachaza, Ricardo López e Ricardo Díaz

VOCAIS SUPLENTES

Señores: Xosé Otero e Lois Costoya

REVISORES DE CONTAS

Señores: Manoel Dans, Lois D. Cabrera e Andrés Suárez

TRIBUNAL D'HONOR

Señores: Vicente Abarrategui, Celso Migal, Xohan Suárez, Xohan Edreira e Manoel Vilariño

Desexamos ás novas autoridades desta benemérita institución galega, unha xeira de trunfos a prol da súa grandeza e do bon nome da nosa patria Galiza.